

OS COLECTIVOS DE MARISQUEO A PÉ NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

ANÁLISE DESDE A PERSPECTIVA DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA



OS COLECTIVOS DE MARISQUEO A PÉ NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**ANÁLISE DESDE A PERSPECTIVA DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA**

**FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE CONFRARÍAS DE PONTEVEDRA**

PLAN SOCIAL ENCE PONTEVEDRA 2019

Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra
CIF V36621282
Rúa do Peirao, S/N – 36.690
ARCADE (PONTEVEDRA)
E-mail: fpcofpo@gmail.com
Telf.: 986 67 01 03

Elaboración: Interpyme & Emic-Etic
Autores: Tito Iglesias Pastoriza
Eliás Trabada Crende
Colaborador: Francisco Javier Martínez Durán
(Secretario da F.P. de Confrarías de Pescadores de Pontevedra)

Revisión e Maquetación: Nágora Solucións Editoriais
Portada: BYBE Comunicación / Beatriz Giráldez
Fotos: Eliás Trabada Crende

Data: outubro, 2020
D.L.: PO 321-2020

As opinións vertidas neste libro non vinculan a citada
Federación e son por enteiro responsabilidade dos autores.

OS COLECTIVOS DE MARISQUEO A PÉ NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

ANÁLISE DESDE A PERSPECTIVA DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

FEDERACIÓN PROVINCIAL
DE CONFRARÍAS DE PONTEVEDRA

Confrarías pertencentes á Federación Provincial

“San Xulián” da Illa de Arousa.	“Santa Tegra” da Guarda.
“San Cipriano” Aldán-Hío.	“Virxe do Carme” de Arcade.
“San Martín” de Bueu.	“La Anunciada” de Baiona.
“San José” de Cangas.	“San Antonio” de Cambados.
“Santiago Apóstolo” de Carril.	“San Andrés” de Lourizán.
“San Martín” de Moaña.	“Santa María del Puerto” de Marín.
“San Martiño” do Grove.	“San Roque” de Portonovo.
“San Telmo” de Pontevedra.	“San Gregorio” de Raxó.
“San Juan” de Redondela.	“Santa Rosalía” de Sanxenxo.
“La Pastoriza” de Vilanova de Arousa.	“San Francisco” de Vigo.
“Virxe do Rosario” de Vilaxoán.	“Pedra da Oliveira” de Vilaboa.

AGRADECEMENTOS

A presente publicación é o resultado da colaboración entre a Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra e ENCE, a que se integra no marco do Plan Social ENCE Pontevedra 2019.

Este é o primeiro documento dunha serie de estudos sobre o marisqueo a pé na provincia de Pontevedra que persegue xerar dinámicas innovadoras para perfeccionar a gobernanza nos colectivos de marisqueo a pé, contribuíndo deste xeito ao mantemento do emprego existente, a mellorar as condicións de traballo e a fomentar o relevo xeracional, todo isto no marco do desenvolvemento sustentable.

Os autores queremos agradecer a todas as persoas mariscadoras da provincia de Pontevedra que cubriron o cuestionario enviado e permitiron así coñecer en maior profundidade o perfil actual da persoa mariscadora a pé. Estamos en débeda con todas as presidentas das agrupacións de marisqueo a pé e demais representantes dos colectivos de marisqueo, así como cos patróns/patroas maiores, xa que grazas ao seu empeño e dedicación foi posible distribuír e recompilar moita da información da aquí expresada.

Por último, queredamos agradecer unha vez mais á Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra e a ENCE polo compromiso e a súa forte aposta pola Responsabilidade Social Corporativa ademais da confianza depositada en nós ao facernos partícipes deste acordo de colaboración.

Índice


Introdución	10
1. O desenvolvemento sustentable e a Responsabilidade Social Corporativa desde a perspectiva do sector pesqueiro e marisqueiro artesanal	13
2. Evolución dos <i>permex</i> e características demográficas das persoas titulares	37
3. Análise dos colectivos de marisqueo a pé na provincia de Pontevedra	65
4. Análise dos resultados da enquisa ás persoas mariscadoras a pé de Pontevedra	77
5. Introdución ao marco normativo do marisqueo a pé	107
6. Conclusións: A relevancia da muller no sector do marisqueo a pé	147
Reportaxe fotográfica	157
Bibliografía	161



INTRODUCCIÓN

Na actualidade, o marisqueo a pé emprega 3.777 persoas en Galicia (ano 2019), das cales 2.157 desempeñan a súa actividade na provincia de Pontevedra. Trátase dunha actividade que tradicionalmente é desenvolvida por mulleres, as que a día de hoxe representan o 79% do colectivo en Pontevedra. Estas profesionais forman os colectivos de marisqueo a pé, que maioritariamente están organizados en agrupacións, entidades que a súa vez forman parte das confrarías de pescadores. As confrarías considéranse entidades de carácter social e distribúense ao longo de todo o litoral de Galicia (63 confrarías), das cales 22 se sitúan na provincia de Pontevedra e están todas elas integradas na Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra.

Nas últimas décadas, o nivel de emprego no marisqueo a pé reduciuse substancialmente. Para frear esta tendencia, consideramos que cómpre establecer dinámicas innovadoras que favorezan o desempeño dos colectivos de marisqueo, mello-



ren as condicións de traballo e fomenten o relevo xeracional; todo isto dentro do marco do desenvolvemento sustentable.

Para alcanzar estes obxectivos faise preciso abrir o debate coa participación directa das protagonistas do marisqueo a pé, que non son outras que as propias persoas mariscadoras.

Así pois, este é un estudo sobre o marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, cuxas principais destinatarias son as persoas mariscadoras que realizan o seu labor nas confrarías pontevedresas, malia que tamén pode resultar de interese para as demais mariscadoras de Galicia. Con máis razón, a análise e as propostas aquí recollidas poden ser de utilidade para aqueles homes e mulleres representantes dos colectivos do subsector do marisqueo, que pretenden ter un papel relevante na xestión das súas agrupacións sectoriais e das confrarías de pescadores.

Vaia por diante a nosa invitación a todas elas a participar e facer propostas neste obxectivo común.





Capítulo 1

O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E A RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA DESDE A PERSPECTIVA DO SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO ARTESANAL

A industrialización, a modernización e a globalización

Galicia e as súas xentes están ligadas á economía costeira desde que aquí se asentaron os primeiros poboadores. Un longo percorrido histórico foise trazando durante séculos a través dunha economía simbiótica levada á súa máxima expresión: a unión do agro e o mar como forma de vida das poboacións do litoral. Daquela, a economía estaba composta por unha variedade de actividades ligadas á agricultura de subsistencia e á pesca entendida como actividade recollidora, así como a derivada de oficios varios vinculados a distintas actividades estacionais ou temporais.

A Revolución Industrial comeza nas nosas costas no século XIX, e con ela chegan as “melloras” tecnolóxicas incorporadas na explotación do mar. A chegada da comunicación ferroviaria a Vigo e á Coruña a finais do século XIX

permite o acceso a grande escala aos mercados do interior da península, e a posta en valor dos produtos pesqueiros galegos. Nestas mesmas datas prodúcese a incorporación do vapor ás embarcacións, de xeito que en 1904 xa existían en Galicia 138 vapores pesqueiros (Carmona, 2000). Así comeza un crecemento do asentamento humano na costa grazas ao traballo asalariado derivado da intensificación do traballo no mar e ás actividades de conservación e transformación dos produtos pesqueiros, da man da industria da salga, primeiro, e o proceso de enlatado, despois.

Moitas cousas mudaron desde esa economía de subsistencia ata o momento actual, entre elas, a crecente demanda de recursos pesqueiros para unha poboación maioritariamente asentada no medio urbano. Esta poboación atópase inmersa nun modelo de consumo exposto á satisfacción inmediata do consumidor, sen pensar, a miúdo, na orixe e na problemática da produción dos alimentos que proveñen do mar, nin nas súas repercusións.

Os cambios que comportou a chegada da modernidade non só afectan o eido económico, senón que tiveron tamén fortes impactos no eido social e cultural. Un dos cambios máis relevantes prodúcese coa chegada da ciencia e a racionalización dos procesos produtivos e organizativos. Difúndese o carácter crítico e innovador que cuestiona os vellos costumes e as tradicións. Canda este xeito de pensar, tamén se estende entre a xente un conxunto de ideas ligadas ao consumo, á superación persoal, á liberdade individual, á igualdade e á participación democrática (Giddens, 2018).

Todos estes cambios aceléranse a través do que os sociólogos e economistas denominan globalización. Aínda que habitualmente se entende a globalización como un fenómeno económico de intercambio de bens e outros factores económicos a nivel planetario, a concepción máis in-

teresante desta idea é a que fai referencia á vinculación ou á interconexión que se está a producir a nivel global en todas as áreas: tecnolóxica, cultural, comunicacións, mercados... A consecuencia máis inmediata é que o planeta está empezando a funcionar coma se dunha soa aldea se tratase, “a aldea global”. Un exemplo recente e dramático da globalización é o covid-19, un coronavirus orixinario dunha rexión chinesa que, en cuestión de meses, se converteu nunha pandemia mundial debido ao colosal movemento internacional de persoas que se xera coa globalización, ben sexa por motivos comerciais, de traballo ou turismo.

No ámbito das artes de baixura e no marisqueo, a “modernización” chegou a Galicia tarde e de maneira asimétrica. Con isto queremos dicir que as innovacións tecnolóxicas e organizativas calaron en distintos momentos e con distinta profundidade nas variadas actividades pesqueiras e marisqueiras. Por exemplo, o marisqueo a pé hoxe en día constitúe un sector pioneiro no plano organizativo; porén, as tecnoloxías produtivas lévanse a cabo mediante artes manuais moi semellantes ás de hai séculos. Ben é certo que a ausencia de sistemas mecánicos e industrias no marisqueo en Galicia é debida a motivos sociopolíticos, dado que o sector rexeitou en varias ocasións artes tecnoloxicamente máis avanzadas e economicamente máis rendibles, como a coñecida como “can”. Con todo, as confrarías en xeral incorporaron melloras tecnolóxicas noutros ámbitos, como nas lonxas e nos sistemas de información e comunicación.

Tal e como acredita a recente historia do marisqueo, resulta moi relevante alcanzar un punto de equilibrio entre tradición e modernización, de xeito que se poidan conseguir non só uns resultados económicos satisfactorios, senón tamén impactos positivos no plano social e ambiental.

O medio ambiente e a economía sustentable

A globalización e, da súa man, a aceleración dos procesos de industrialización que tivo lugar nos países occidentais a partir dos anos 50 do pasado século están tendo unha serie de impactos ambientais de graves consecuencias. Na actualidade é evidente que a biosfera, a parte do planeta onde habitan os seres vivos, ten problemas. As actividades humanas provocan grandes problemas ambientais de carácter global e local: contaminación atmosférica, contaminación das augas (ríos, acuíferos e mares), residuos sólidos, escaseza de auga potable, esgotamento de recursos naturais e de solos fértiles... destacando entre todos estes fenómenos o quecemento global.

Por esta razón, estanse producindo desde hai décadas distintos movementos sociais, científicos e políticos que cuestionan o desenvolvemento económico tal e como se está desenvolvendo. A procura de alternativas e solucións aos impactos negativos da “modernización” das últimas décadas deu pé a conceptos e propostas como a do desenvolvemento sustentable e a responsabilidade social corporativa.

Segundo a Comisión Mundial do Medio Ambiente e Desenvolvemento das Nacións Unidas, o desenvolvemento sustentable persegue “satisfacer as necesidades do presente sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras, para cubrir as súas propias necesidades”. O desenvolvemento sustentable esixe, pois, compatibilizar a xestión do curto prazo coa xestión do longo prazo.

Con todo, ás veces, os obxectivos que se poden trazar para o curto prazo poden prexudicar os obxectivos que se poden perseguir no longo prazo. Este dilema está presente en todas as organizacións e mesmo nas persoas, mediante preguntas como as seguintes:

Debemos esforzarnos hoxe para ter unha mellor vida no futuro?

Debemos limitar o noso consumo para deixar un mundo mellor para os nosos fillos?

Debemos poñer límites ao crecemento económico para non esgotar os recursos naturais?

O desenvolvemento sustentable sitúa o ser humano como un ser cabal e intelixente quen, para superar as circunstancias vitais, ten que botar man da innovación, da mellora dos procesos e da economía de medios, de modo que sexa compatible o crecemento económico coa sustentabilidade ambiental e social. Para alcanzar tal fin, é preciso que desde o momento inicial se inclúan obxectivos ambientais e sociais nos proxectos que se vaian desenvolver, e se favoreza a participación de toda a comunidade de afectados na toma de decisións (Giddens, 2018).

O Pacto Mundial, como iniciativa da ONU para a sustentabilidade, é o catalizador dos esforzos das empresas e doutras entidades para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). No ano 2016 puxéronse en marcha os ODS para o ano 2030 como un ambicioso plan de acción a prol das persoas e do planeta.

Como pode observarse no seguinte cadro, a axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, componse de 17 obxectivos, uns de carácter económico e outros de carácter ambiental e social.



Podemos identificar polo menos tres obxectivos directamente relacionados coa pesca e co marisqueo: fame cero (obxectivo 2), traballo decente e crecemento económico (obxectivo 8) e vida submarina (obxectivo 14). Debido á enorme importancia que ten para o sector marisqueiro, imos analizar máis polo miúdo o obxectivo 14, cuxo significado é “Conservar e utilizar de forma sustentable os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sustentable”.

Segundo a ONU, os océanos do mundo —a súa temperatura, química, correntes e vida— moven os sistemas que permiten que a Terra sexa habitable para a humanidade. Os océanos cobren as tres cuartas partes da superficie da Terra, conteñen o 97% da auga do planeta e representan o 99% da superficie habitable do planeta en volume.

Máis de tres mil millóns de persoas dependen da biodiversidade mariña e costeira para o seu sustento. Os océanos conteñen case 200.000 especies identificadas, mais as cifras reais poden ser de millóns. Os océanos absorben aproximadamente o 30% do dióxido de carbono producido polos humanos e axudan a frear, así, os impactos do quecemento global.

Os océanos constitúen a maior fonte de proteínas do mundo. A pesca emprega directa ou indirectamente máis de 200 millóns de persoas.

Segundo esta organización internacional, os subsidios á pesca están contribuíndo ao rápido esgotamento de moitas especies e entorpecen os esforzos que requiren salvar e restaurar a pesca mundial e os seus empregos asociados; como consecuencia, a pesca oceánica xera 50 mil millóns de dólares menos por ano do que podería.

Ademais, as augas costeiras estanse deteriorando debido á contaminación e á eutrofización.

Coa finalidade de que estes obxectivos non queden nunha simple declaración de intencións, e poder avaliar e comprometer os distintos axentes e estados na súa consecución, os ODS teñen asignadas unhas metas. As metas están compostas por un conxunto de indicadores cualitativos e cuantitativos que especifican máis polo miúdo os logros que se pretenden acadar de aquí ata 2030 en relación co obxectivo en cuestión. Así pois, respecto ao obxectivo 14 (vida submarina), algunhas das metas fixadas son as seguintes:

- Para 2025, reducir de xeito significativo a contaminación mariña de todo tipo.
- Minimizar e abordar os efectos da acidificación dos océanos, mesmo mediante unha maior cooperación científica a todos os niveis.
- En 2020, regular de maneira efectiva as operacións de pesca, e acabar coa pesca excesiva, ilegal, non declarada e non regulada e as prácticas de pesca destrutivas, e implantar plans de xestión con fundamento científico co fin de restaurar as poboacións de peixes no menor tempo posible, polo menos alcanzando niveis que poidan producir o máximo rendemento sustentable de acordo coas súas características biolóxicas.
- En 2020, conservar polo menos o 10% das zonas costeiras e mariñas.
- En 2020, prohibir determinadas subvencións á pesca que contribúen ao exceso de capacidade e á pesca excesiva; eliminar as subvencións que contribúen á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e absterse de introducir novas.
- De aquí a 2030, aumentar os beneficios económicos dos pequenos estados insulares en desenvolvemento e os que os países menos adiantados obteñen do

uso sustentable dos recursos mariños; en particular, mediante a xestión sustentable da pesca, a acuicultura e o turismo.

- Aumentar os coñecementos científicos, desenvolver a capacidade de investigación e transferir tecnoloxía mariña.
- Facilitar o acceso dos pescadores artesanais aos recursos mariños e aos mercados.


Fonte: ODS; <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/oceans/>

É importante destacar que este e os outros obxectivos relacionados co desenvolvemento sustentable están dirixidos a todas as persoas e entidades, non é unha cuestión que afecta unicamente os gobernos estatais. Así pois, é preciso que, na medida das nosas posibilidades, todos nos impliquemos na súa consecución. É dicir, os ODS procuran resultados globais pero para alcanzar eses obxectivos xerais debemos conseguir melloras no noso ámbito local de influencia, polo que é fundamental que as confrarías e os nosos colectivos marisqueiros teñan coñecemento dos ODS e procuren cumprilos.

Ademais dos obxectivos e das metas, con certa periodicidade a ONU publica informes nos cales se detalla a situación en que nos atopamos en relación coas metas fixadas. O último destes informes data do ano 2019. Neste documento de 64 páxinas achéganse datos e recomendacións moi relevantes para cada un dos 17 obxectivos establecidos. A continuación móstrase cal é o nivel de avance en relación co obxectivo 14 (vida submarina), segundo algúns dos datos recollidos no citado informe:

Os contaminantes terrestres e o lixo mariño ameazan os hábitats costeiros, pero pódense alcanzar melloras na calidade da auga

Resultados de auga limpa para 220 rexións costeiras, avaliados nunha escala de 0 (moi contaminada) a 100 (limpa).



As zonas costeiras de todo o mundo están afectadas por contaminantes de orixe terrestre, o que inclúe as augas residuais e os arrastres de nutrientes, feitos que provocan a eutrofización das costas, a degradación da calidade da auga e a deterioración dos ecosistemas mariños costeiros. A análise do indicador de auga limpa mostra que os problemas da calidade da auga están moi estendidos, pero son máis graves nalgúns zonas ecuatoriais, especialmente en partes de Asia, África e América Central.

Case todos os países dispoñen de marxe para mellorar a calidade das súas augas costeiras. A análise das tendencias dos anos 2012 a 2018 mostran que un cambio positivo é posible: 104 de 220 rexións costeiras melloraron a calidade das augas costeiras durante este período. Esas melloras requiren compromisos de normativas a nivel das nacións para ampliar o acceso ao tratamento das augas residuais e para reducir os arrastres de nutrientes e produtos químicos de orixe agrícola, ademais dos compromisos a nivel mundial para reducir o lixo por plásticos.

Fonte: ODS; https://unstats.un.org/sdgs/report/2019/The-Sustainable-Development-Goals-Report-2019_Spanish.pdf

O aumento da acidificación ameaza a vida mariña e dificulta o papel do océano na moderación do cambio climático


A absorción de CO₂ da atmosfera polo océano modifica a composición química da auga do mar, alterando a súa química de carbonatos e resultando unha diminución do pH (e un aumento da acidificación do océano). As observacións do pH do océano no curso dos últimos trinta anos mostran unha diminución na superficie de 0,1 unidades. Isto equivale a un aumento do 26% na acidez desde o período preindustrial. Ao ritmo actual de emisións de CO₂, prevese que a acidez aumentará do 100% ao 150% para finais deste século.

A acidificación dos océanos ameaza os organismos, a seguridade alimentaria, e pon en perigo a pesca e a acuicultura. Tamén afecta a protección das costas (ao debilitar os arrecifes de coral, que protexen as liñas costeiras), o transporte e o turismo. A medida que a acidez do océano aumenta, a súa capacidade de absorber o CO₂ da atmosfera diminúe, o que obstaculiza o efecto do océano na moderación do cambio climático.

Fonte: ODS; https://unstats.un.org/sdgs/report/2019/The-Sustainable-Development-Goals-Report-2019_Spanish.pdf

A diminución da poboación de peixes parece estar estabilizada; agora é preciso reconstituíla, especialmente naquelas rexións que teñen os recursos máis esgotados

Proporción da poboación de peixes dentro dos niveis bioloxicamente sustentables, por rexións mariñas, 2015 (porcentaxe)



Para preservar a saúde e a produtividade da pesca, a poboación de peixes debe manterse dentro dos niveis bioloxicamente sustentables. A pesca excesiva non só diminúe a produción de alimentos, senón que tamén prexudica o funcionamento dos ecosistemas e reduce a biodiversidade, e isto ten repercusións negativas na economía e na sociedade. En todo o mundo, a proporción da poboación de peixes atópase dentro de niveis bioloxicamente sustentables: diminuíu do 90% no ano 1974 ao 67% en 2015. Esta tendencia á baixa parece estabilizada desde o ano 2008, e este é un sinal alentador.

Case todos os países contan con pesca a pequena escala (baixura e marisqueo), que representa máis da metade da produción total nos países en desenvolvemento, tanto en termos de cantidade como de valor. Aproximadamente 120

millóns de traballadores en todo o mundo, dos cales o 97% vive en países en desenvolvemento, dependen directamente das cadeas de valor da pesca para a súa subsistencia. Case a metade desta forza laboral está formada por mulleres. Malia a súa contribución fundamental á nutrición, á seguridade alimentaria e aos medios de vida locais, moitas comunidades pesqueiras a pequena escala continúan marxinadas. Para axudar aos pescadores a acceder aos recursos produtivos, aos servizos e aos mercados, a maioría dos países desenvolveron marcos regulamentarios e institucionais específicos. Moitos estanos aplicando, mais outros países de Oceanía e Asia presentan un nivel de aplicación escaso.

Fonte: ODS; https://unstats.un.org/sdgs/report/2019/The-Sustainable-Development-Goals-Report-2019_Spanish.pdf

Aínda cando as análises realizadas e os datos facilitados por organizacións internacionais do prestixio da ONU adoitan ser precisos e equilibrados, a miúdo acontece que a realidade é máis complexa da que un estudo a nivel mundial pode recoller. Como é habitual oír, falando das confrarías: “cada confraría é un mundo”. O que se está dicindo con esta expresión é que mesmo sendo tan semellantes en moitos aspectos unha confraría respecto doutra, sempre hai moitos elementos característicos e diferenciais. Se isto acontece entre localidades galegas, moito máis diversa vai ser a realidade se do que estamos a falar é do planeta enteiro.

Con isto non queremos cuestionar a visión que sobre os océanos nos transmite a ONU nos seus informes, só queremos subliñar que é preciso coñecer tamén a nosa realidade local e a problemática específica que nos atinxe. É dicir, consideramos que é tan importante para os profesionais do marisqueo estar ao tanto dos grandes problemas asociados aos mares e océanos como coñecer a situación específica relacionada cos ecosistemas marítimo-terrestres de cada localidade.

Como é ben sabido no sector, a nivel local ou comarcal teñen lugar dinámicas no medio ambiente mariño que prexudican moito a actividade marisqueira. A maioría das veces é por causas imputables á actividade humana, tales como: infraestruturas portuarias, verteduras urbanas mal depuradas, actividades industriais, turismo...; e outras veces é a propia natureza a que pon en risco os bancos marisqueiros con movementos da area, a ruptura de barras ou a sedimentación natural achegada polos ríos.

Unha das grandes problemáticas ambientais relacionadas co marisqueo en Galicia é a calidade das augas. O patrón maior dunha destacada confraría marisqueira manifestábase así: “Eu o futuro véxoo moi bo sempre e cando coiden a calidade das augas, sobre todo. É o único problema forte que vexo na actualidade. É unha materia pendente de todos os grupos políticos¹”.

Como se pode constatar, a calidade das augas é un dos grandes problemas globais que afecta tamén a nivel local as nosas costas e que é compartido polo conxunto do sector marisqueiro.

Respecto dalgúns temas, a controversia está servida, sobre todo cando a situación a nivel local difire substancialmente da que se dá a nivel global. Un exemplo é a situación das pesqueiras; baseándose nos informes científicos, moitas organizacións ecoloxistas din que está diminuindo de xeito alarmante a poboación de peixes que se encontran dentro de niveis bioloxicamente sustentables ou seguros: “A sobreexplotación pesqueira afecta a máis do 90% das poboacións de peixes estudadas do mar Mediterráneo e o 40% das estudadas en augas europeas do Atlántico²”.

¹ Santiago Cruz Martínez en: Fernández, M. e Iglesias, T. (2018). *As confrarías e as súas xentes*. A Coruña: Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña e Consellería do Mar da Xunta de Galicia

² Greenpeace: <https://es.greenpeace.org/es/trabajamos-en/oceanos/pesca/>

Pola contra, as organizacións pesqueiras, baseándose en informes rexionais máis específicos, din que a situación é outra: a realidade das pesqueiras do Atlántico xestionadas no ámbito europeo é de mellora substancial respecto de anos anteriores, xa que o 78% dos Totais Admisibles de Capturas (TACS) das poboacións avaliadas cumpren co Rendemento Máximo Sustentable (RMS)³.

Ademais, é bastante habitual certo “desencontro” entre o sector e a comunidade científica, neste senso é moi ilustrativo o seguinte testemuño dun patrón maior da Costa da Morte:

“Os científicos son xente que nos queda moi lonxe. Pero eses señores non poden vir como hai tres ou catro anos e dicir que a pescada está en perigo de extinción. Estiven dous meses, vinte quilos ao día por culpa deses señores e pescabas as pescadas coa cana en todo o peirao. Estaban gordas que non daban volta. E despois sae un comunicado porque se equivocaran, pois aparecera moita pescada. Pero que se equivocaron de que? Por que non veñen e preguntan se hai pescada?⁴” (Fernández e Iglesias, 2018)

3 Revista Mar. Novembro/2019

4 Manuel Villar Vidal en: Fernández, M. e Iglesias, T. (2018). As confrarías e as súas xentes. A Coruña: Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña e Consellería do Mar da Xunta de Galicia

A Responsabilidade Social Corporativa: buscando a sustentabilidade no seo das organizacións

Como antes se expuxo, tanto o modelo económico da Revolución Industrial como o modelo “desarrollista” que xurdiu tras a Segunda Guerra Mundial xeran moitas disfuncións a nivel social e ambiental. Co obxectivo de buscar alternativas, no seo das empresas e outras organizacións cara a un modelo de desenvolvemento máis sustentable e máis ético, foi xurdindo un corpus de coñecemento: a Responsabilidade Social Corporativa/Empresarial (RSC/RSE).

A xestión ética da actividade empresarial ten a súa orixe na época da Revolución Industrial, pero é a partir da Segunda Guerra Mundial cando se dan pasos importantes, comezando coa Declaración dos Dereitos Humanos no ano 1948. Nesta época xa se fala de Responsabilidade Social Empresarial. Nos anos 60 e 70 do século pasado aséntase o concepto e reafírmase e impúlsase con accións concretas. Non obstante, non é ata os anos 90 cando os escándalos de grandes empresas como a norteamericana Enron, así como a extensión da globalización, fan que se retomen con forza as iniciativas de Responsabilidade Social Empresarial e de Responsabilidade Social Corporativa (para o caso doutro tipo de entidades distintas ás empresas).

Desde entón, a Organización das Nacións Unidas promove iniciativas internacionais en materia de RSE. No ano 2000 esta entidade creou o Pacto Mundial ou Global Compact (GC) que representa a materialización dunha rede de acción colectiva cuxo obxectivo é o fomento de actitudes responsables por parte de empresas ou organizacións. A adhesión ao GC é voluntaria e pídeselles ás organizacións que incorporen nos seus modelos de xestión un conxunto de valores fundamentais baseados en dez principios dos Dereitos Humanos, as relacións laborais, o medio ambiente e a loita contra a corrupción.

A Comisión Europea publicou no ano 2001 o Libro Verde que aborda o marco para a responsabilidade social das empresas. Neste texto promóvese a incorporación da RSC de xeito voluntario na xestión empresarial, como maneira de expresar as preocupacións sociais e medioambientais das empresas nas súas operacións comerciais e nas súas relacións cos seus grupos de interese.

No contexto español, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable, ten por obxecto “introducir no ordenamento xurídico as reformas estruturais necesarias para crear as condicións que favorezan un desenvolvemento económico sustentable”. Un dos elementos que centran este obxectivo é o desenvolvemento da RSC, polo que se inclúe un mandato para que a Administración Pública promova esta ferramenta tanto nas empresas grandes como nas pequenas, facendo especial fincapé na divulgación de boas prácticas e na análise dos efectos da RSC sobre a competitividade.

Posteriormente chegaron a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da comunidade autónoma de Galicia. Ambas as iniciativas legislativas reforzan a tendencia global que esixe cambios na xestión das organizacións na procura dunha maior transparencia, responsabilidade e desempeño como medio para alcanzar un desenvolvemento sustentable.

A normativa e directrices europeas de pesca, incluídas no Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento europeo e do Consello do 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), teñen entre os seus obxectivos fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, medioambientalmente sustentables, economicamente viables e socialmente responsables. Este fondo ten entre as súas prioridades o desenvolvemento sustentable das actividades de pesca, acuicultura e as actividades conexas.

Pola súa banda, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) publicou o “Código de Conduta para a Pesca Responsable”, así como as “Directrices voluntarias para lograr a sustentabilidade da pesca s pequena escala”. Ambos os documentos poñen énfase na necesidade de realizar unha pesca e marisqueo desde criterios de responsabilidade e sustentabilidade.

Tamén as principais figuras reguladoras galegas, como se poderá observar no tema 6 desta publicación referido á normativa do marisqueo a pé, teñen na sustentabilidade un dos principios reitores. A Lei 11/2008 de pesca de Galicia di que a finalidade da política pesqueira galega é a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos. Moito máis recente é o Decreto 153/2019, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, que di que existe unha estreita relación entre a conservación do medio mariño e a actividade marisqueira, xa que o marisqueo se axusta a unha perspectiva ambiental sistémica, pois a metodoloxía artesanal con que se exerce mantén ou mellora a biodiversidade no litoral, fomenta o uso axeitado do territorio, contribúe á minoración do cambio climático e permite que as zonas en que se desenvolve se axusten ao concepto de infraestrutura verde. Ese Decreto fálanos dun novo concepto de plans de xestión que vai incluír obxectivos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais.

Existen, ademais, numerosos organismos internacionais promotores da RSC, sobre todo europeos, que fan énfase na necesidade de construír unha economía máis eficiente, competitiva e dinámica baseada nun crecemento económico sustentable con máis e mellores empregos e unha maior cohesión social. A nota constante destas entidades

é a chamada unánime ás empresas e organizacións para asumir a súa Responsabilidade Social.

A Unión Europea define a RSE/RSC como “a integración voluntaria por parte das empresas e outras entidades, das preocupacións sociais e medioambientais nas súas operacións comerciais e nas relacións cos seus interlocutores”. Trátase dun modelo de xestión ao cal poden voluntariamente acollerse as empresas e organizacións de todo tipo. E supón que, ademais de buscar beneficios económicos, se incorporen na planificación e na xestión do día a día inxerencias e retos de carácter ambiental e social.

A partir desa definición podemos extraer importantes conclusións:

- A RSC é un compromiso voluntario das empresas/institucións co desenvolvemento da sociedade e a preservación do medio ambiente; é dicir, non se trata só de cumprir a normativa, ser socialmente responsable supón adquirir voluntariamente compromisos nos eidos social, económico e ambiental que habitualmente transcenden as normas establecidas.
- A RSC é un modo de xestión que centra a súa atención na satisfacción das necesidades lexítimas das partes interesadas (enfoque multistakeholder).
- A RSC non se preocupa só de aspectos ambientais, senón que procura compaxinar as preocupacións ambientais coas económicas e sociais (triplo balance).
- A RSC incide na creación de valor tanto a curto como a longo prazo incorporando o triplo balance para a obtención de vantaxes competitivas.
- A procura da sustentabilidade abrangue non só as partes interesadas, senón tamén a propia organización que a desenvolve, procurando a súa supervivencia a longo prazo.

Ás veces, asóciase o concepto de responsabilidade social co mecenado e as boas obras. Pensar nestes termos é un erro. O corpus de coñecemento da responsabilidade social apóiase en dous conceptos que se complementan: un é a sustentabilidade e o outro é a ética.

A ética nas organizacións supón a aplicación da moral cívica no eido das entidades. Todas as organizacións teñen un carácter, uns valores que, aínda non figurando en ningún documento, marcan o seu modo de facer. Desenvolver unha ética respectuosa e socialmente aceptada ten efectos positivos tanto a nivel interno como externo, xa que xera un contorno de confianza coas distintas partes interesadas: socios, traballadores, clientes etc. Este contorno de confianza redonda en recoñecemento e prestixio, valores esenciais en contextos moi competitivos como os actuais.

A posta en práctica da responsabilidade social nunha organización esixe do diálogo e a participación cos grupos de interese. De aí a importancia de desenvolver capacidades organizativas para facer operativos os procesos de diálogo e concertación entre actores da RSC. As partes interesadas (tamén denominadas grupos de interese ou stakeholders) son os grupos que afectan ou se ven afectados polas actividades realizadas por unha empresa ou organización. Ese impacto pode ser positivo ou negativo.

Ao abordar as necesidades dos grupos de interese, ás veces contrapostas, a organización é quen de introducir factores diferenciais de innovación que fagan aumentar a súa lexitimidade e funcionalidade.

Podemos distinguir entre grupos de interese internos e externos. Os primeiros están compostos polos que teñen unha relación directa cos aspectos organizacionais e funcionais da entidade. Os grupos de interese externos confórmaos a periferia explícita da organización; é dicir,

aqueles grupos que son influídos pola política da organización.

Como exemplo, no seo das confrarías pódense identificar, entre outras, as seguintes partes interesadas:

INTERNAS
Socios
Persoalcontratado
Xunta de Galicia
Membros dos órganos reitores
Federacións

EXTERNAS
Consumidores
Cientes
Provedores
Comunidade local
Outras xentes do mar
O medio ambiente
Outras administracións públicas
<i>Lobbies europeos</i>
Medios de comunicación
Asociacións ambientalistas
Sociedade en xeral

Debemos facer especial fincapé na relevancia dos grupos de opinión, especialmente representados nos informadores e medios de comunicación, xa que eles teñen moita influencia na opinión pública e son a canle a través da cal se pode chegar a outros grupos de interese.

O medio ambiente é tamén un axente de primeira orde para unha entidade pesqueira e marisqueira. Este atópase representado como grupo de interese a través dos grupos conservacionistas e as entidades de preservación do patrimonio histórico e artístico que velan pola súa protección e legado para as futuras xeracións.

A implantación da Responsabilidade Social, tal e como se propón na Guía de Implantación e Difusión da Res-

ponsabilidade Social Corporativa nas Confrarías de Pescadores⁵, esixe que se identifiquen as expectativas lexítimas das partes interesadas dun xeito dinámico, para ir incorporándoas ás distintas fases da xestión.

A RSC debe entenderse como unha ferramenta para mellorar o desempeño das confrarías e as súas agrupacións; é dicir, a Responsabilidade Social non debe ser un engadido, senón que ha de formar parte do proceso estratéxico e operativo. Seguindo a citada Guía, as principais claves para desenvolver a RSC nas confrarías son as seguintes:

- **Desenvolvemento da misión e identidade da confraría.** A identidade, entendida como sentido de pertenza a un grupo ou colectividade, representa un valor para as estratexias de supervivencia dos humanos, posto que dependemos uns dos outros e proceder de tal maneira supón a posibilidade de mellorar o resultado da actividade individual. Ademais, esa identidade estrutura e enriquece toda unha rede de relacións sociais que en por si son unha canle para o progreso real das sociedades, pois fai visibles as persoas, co que aumenta a aceptación social e a responsabilidade. A estes efectos, compartir unha misión ou propósito con todo o colectivo resulta moi efectivo, especialmente nas entidades non lucrativas, como as confrarías e as súas agrupacións.
- **Bo goberno.** Caracterizado por promover os principios democráticos de participación, pluralidade, transparencia e rendemento de contas.
- **Redución do dispendio e xeración de valor.** Un dos obxectivos da RSC é a redución de impactos negativos sobre o medio ambiente. Neste sentido o lema

5 Fernández Gestido, M. e Iglesias Pastoriza, T. (2015). Guía de Implantación e Difusión da Responsabilidade Social Corporativa nas Confrarías de Pescadores. Consellería do Mar. https://mar.xunta.gal/sites/default/files/fileadmin/arquivos/mar/elecciones_confrarias/Documentos_de_interese/libro_CONFRARIAS_DEF.PDF

habitual é o dos tres erres: reducir, reutilizar e reciclar. Por esta razón, as organizacións comprometidas coa responsabilidade social establecen indicadores de consumos e emisións de factores relevantes como poden a auga, a enerxía e o CO₂. Estas actuacións de control do dispendio han de ser compatibles con outras proactivas de aumento do desempeño e de xeración de valor, ben sexan no eido económico, social ou ambiental.

- **Consumo responsable.** As Nacións Unidas declararon que unha das “principais causas de que continúe deteriorándose o medio ambiente mundial son as modalidades non sustentables de consumo e produción, particularmente nos países industrializados”. A pegada ecolóxica é un indicador que mide o impacto ambiental da actividade humana sobre a terra, relacionando o espazo necesario para producir os recursos naturais que se consomen e absorber os residuos que se xeran coa capacidade do planeta para xerar eses recursos. N actualidade a pegada ecolóxica do consumo mundial é maior ca a biocapacidade total do planeta (1,6 veces), tres veces maior no caso de España (os españois necesitaríamos multiplicar case por tres a superficie do país para satisfacer a demanda actual de recursos naturais). Por esta razón é preciso implantar e promover padróns de consumo sustentables baseados en criterios de impacto social e medioambiental.
- **A comunicación.** Desde a perspectiva da RSC, unha das finalidades da comunicación é introducir transparencia para gañar a confianza dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Neste sentido, a comunicación cos membros das agrupacións e as confrarías constitúe un dos retos máis importantes que cómpre desenvolver no seo do marisqueo a pé.

- **A colaboración.** Os recursos marisqueiros en Galicia son un ben común que está sendo aproveitado polos colectivos marisqueiros a través dun sistema de co-xestión entre o sector e a administración autonómica. Para que este modelo sexa funcional precisa a colaboración tanto no seo do sector como entre o sector da administración.





Capítulo 2

EVOLUCIÓN DOS *PERMEX* E CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS DAS PERSOAS TITULARES

Antes de nada, queremos referirnos ao profundo cambio que tivo lugar na actividade do marisqueo a pé na comunidade autónoma de Galicia, principalmente na última década do século xx, o que nos permite entender a redución tan notoria que se produciu no número de persoas con permisos de explotación de marisqueo a pé (*permex*), tanto no conxunto de Galicia como na provincia de Pontevedra. Así, na campaña de marisqueo de 1990 e 1991 estimouse para Galicia un total de 16.355 persoas con carné de marisqueo a pé, un colectivo demográfico que se reduciu a 7.852 en 1996 (Marugán, 2004) e a 6.551 persoas con *permex* en 2001 (Consellería do Mar e IGE). Por tanto, no transcurso de dez anos diminuíu a cantidade de persoas do colectivo laboral de marisqueo a pé en case dous terzos en Galicia (-59,9%).

Ese declive no número de persoas dedicadas ao marisqueo a pé, en boa medida é unha consecuencia dunha política autonómica dirixida a ordenar, regularizar e profesionalizar esta actividade económica que se desenvolvía en con-

dicións bastante precarias: por unha banda, estableceuse un novo marco de explotación económica máis racional e sustentable dos recursos marisqueiros; e, por outra, melloráronse as condicións de traballo, os ingresos económicos e a identidade profesional das persoas que se dedican ao marisqueo a pé. A este respecto, a socióloga Begoña Marugán (2004) resalta a normativa que aprobou a Xunta de Galicia¹ durante a última década do século xx como un dos factores principais que desencadearon o cambio na actividade do marisqueo.

En xeral, a normativa autonómica promoveu a redución do número de persoas que mariscaban a pé para profesionalizar esta actividade, xa que reducindo de maneira substancial o colectivo, que era bastante numeroso e estaba moi afectado polo furtivismo (interno e externo) e o intrusismo, lograríase aumentar a media de ingresos económicos por persoa e así incentivaríase entre as que continuasen traballando un cambio cara á súa profesionalización: obtención do permiso de explotación a pé, pago mensual do REM da Seguridade Social e acceso aos dereitos e prestacións asociadas, adquisición dunha formación profesional etc.. Así mesmo, a ordenación e regulación autonómica promoveu unha explotación económica dos recursos marisqueiros que fose viable e rendible para as e os mariscadores a pé que optasen pola vía profesional (plans de explotación, períodos de extracción e veda, cotas de captura, tamaños mínimos, introdución de técnicas de semicultivo e cultivo).

¹ En concreto, o Plan de Ordenación Pesqueira e Marisqueira, a Lei 6/93, do 11 de maio, de pesca marítima de Galicia, o Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, o Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, e o Decreto 426/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente de desenvolvemento de determinados preceptos da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

Os pasos seguidos cara á profesionalización, como se está vendo, foron os de limitar o número de mariscadores, darlles formación e tratar de que estes cotizasen no REM. Mais para que a actividade fose atractiva había que conseguir que as mariscadoras lograsen rendas superiores. Para iso, actuouse sobre outro dos aspectos da extracción e púxose en marcha un sistema máis flexible de vedas. En lugar de seguir desempeñando esta actividade nunhas épocas cerradas, que ían de outubro a marzo, flexibilizouse o sistema de vedas. (Marugán, 2004, p. 62)

Polo demais, este cambio cara á profesionalización do marisqueo a pé dispuxo dun contorno económico favorable: a valorización do consumo do marisco entre as clases medias urbanas significou un aumento dos prezos e a posibilidade obxectiva para que as mariscadoras puidesen mellorar os seus ingresos e condicións de traballo mediante a súa profesionalización, no canto de proseguir traballando de maneira informal e precaria, ademais de estaren bastante constringidas polas prácticas xeneralizadas do furtivismo (interno e externo) e do intrusismo. Pero para Marugán (2004) o éxito da alternativa de profesionalizar o marisqueo a pé tamén necesitou de factores sociais: fundamentalmente, a concienciación e o empoderamento social das mulleres dedicadas a esta actividade, as cales supoñían arredor do 90% do colectivo total e estaban relegadas a unha posición e status marxinal no sector pesqueiro e a estrutura social local, e que comezou a fraguarse a partir do I Encontro de Mulleres Mariscadoras de 1995, proseguíu co II Encontro de 1997 e foi consolidándose coa constitución e o funcionamento das asociacións profesionais de mariscadoras que se vincularon ás confrarías de pescadores.

Un proceso de concienciación e empoderamento social ao que tamén contribuíu a Administración autonómica coa celebración de cursos de formación profesional (co-

ñecemento do medio natural e da economía do sector, técnicas de cultivo e de mercado, saúde e hixiene laboral etc.), de capacitación asociativa e de liderado para as mariscadoras (cursos do proxecto NOW, Plan 10 e Plan Galicia). En resumo, a confluencia e as sinerxías entre os factores institucionais (ordenación, regulación e profesionalización), económicos (maior consumo e aumento dos prezos) e sociais (concienciación e empoderamento das mariscadoras) desencadearon e comportaron un profundo cambio na actividade do marisqueo a pé desde a temporalidade, precariedade e falta de profesionalidade da economía informal cara á estabilidade, status e profesionalidade da economía formal, malia que este proceso de cambio significou un forte declive do número de persoas ocupadas, ao abandonar o marisqueo a pé aquelas que o consideraban como unha fonte de ingresos secundaria e querían que seguise así.


As esixencias de tempo que impoñía o cultivo deixaron a súa pegada no sector. Aquelas persoas que entendían o marisqueo como profesión permaneceron, mentres que aquelas outras que seguían vendo o marisqueo como unha actividade de ingresos complementarios se resistiron ao cambio ou simplemente empezaron a abandonar a praia. (Marugán, 2004, p. 117)

Tras coñecer os motivos do declive de persoas dedicadas ao marisqueo a pé, imos analizar a evolución do número de permisos de explotación de marisqueo a pé (*permex*) entre 2001 e 2019 na provincia de Pontevedra e en toda Galicia, así como nas confrarías pontevedresas, os cales proceden da explotación estatística que realiza o Instituto Galego de Estatística en relación cos datos xerados pola Consellería do Mar (*pescadegalicia.gal*). En segundo lugar, interesáronos pola distribución dos *permex* segundo o sexo das persoas titulares en 2011 e 2019 (non se publican datos de anualidades anteriores), tanto para a provincia

de Pontevedra e o total da comunidade autónoma como para as confrarías pontevedresas. En terceiro lugar, analizaremos a distribución dos *permex* segundo grupos de idade en 2011 e 2019 (tampouco se publican datos para anualidades anteriores), neste caso referidos á provincia de Pontevedra e o conxunto de Galicia, xa que non se difunde información estatística desagregada por confrarías. Por último, investigamos o cruzamento das variables sexo e idade, aínda que os datos estatísticos só se refiren ao total de Galicia, pois a Consellería do Mar e o IGE non publican información de nivel provincial; con todo, achégnanos unha información relevante que seguramente constataríamos en Pontevedra se dispuxésemos de datos desagregados.



Evolución do número de permisos de marisqueo a pé entre 2001 e 2019

En 2019, o Instituto Galego de Estatística (IGE) contabiliza 2.157 permisos de marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, que representan o 57% do total de *permex* rexistrados en Galicia (3.777), unha cantidade, a pontevedresa, que se sitúa por riba da correspondente á provincia coruñesa (42%), mentres que a lucense queda relegada a unha cantidade marxinal (1% do total).




Con relación á cantidade de permisos de marisqueo a pé rexistrados en 2001, obsérvase un notorio decrecemento no número de *permex* en Pontevedra (-43,3%), aínda que é bastante similar á evolución porcentual experimentada polo conxunto da comunidade autónoma (-42,3%). Se consideramos a variación interanual, percibimos que a tendencia de declive no número de *permex* se manifestou de xeito reiterada ata 2011, para xurdir a continuación unha evolución ambivalente, con anualidades de crecemento seguidas doutras de decrecemento, pero en ambos os casos cunha intensidade lixeira, expresando máis ben unha tendencia xeral cara á estabilidade. En Galicia o declive persistiu con continuidade ata 2014, pero o cambio

a positivo de 2015 non se consolidou nas seguintes anualidades en que novamente se expresou o declive. Mencionar que o maior decrecemento se manifestou en 2002 en Pontevedra (-11,1%) e en Galicia (-9,1%), mentres que o maior incremento deuse en 2015, tamén nos dous territorios (2,8% e 2,1%, respectivamente).



Agora, atendamos á distribución porcentual dos permisos de marisqueo a pé rexistrados en 2019 na provincia de Pontevedra segundo as confrarías de marisqueo. Antes de nada cómpre comentar que das vinte confrarías pon-

tevedresas dezanove teñen *permex*, non sucedendo así na de Sanxenxo. A confraría do Grove destaca como a que dispón da maior cantidade de permisos de marisqueo a pé na provincia, o 19,1% do total pontevedrés, resaltando en segundo lugar cinco confrarías por significar cada unha delas entre o 8% e o 11% do total provincial: en concreto, trátase das de Lourizán (8,3%), Cambados (9,2%), Pontevedra (9,9%), Vilanova (10,7%) e a confraría da Illa de Arousa (10,8%). En terceiro lugar, emerxen tres confrarías que representan do 4% ao 6% de todos os *permex* provinciais: Carril (4,1%), Arcade (4,6%) e Redondela (5,9%). En cuarto lugar, hai que citar seis confrarías que simbolizan entre o 2% e o 3,5% do total dos *permex* pontevedreses: A Guarda (2%), Baiona (2,5%), Raxó (2,5%), Moaña (2,9%), Vilaboa (3,1%) e Vilaxoán (3,2%). En resumo, a distribución dos permisos de explotación da provincia de Pontevedra manifesta certa concentración nas seis confrarías da ría de Arousa (57,2% do total), mentres as cinco da ría de Pontevedra, incluíndo Aldán - O Hío, e as sete da ría de Vigo representan unha proporción claramente menor e parecida (21,2% e 19,5% do total, respectivamente).



En canto á evolución entre 2001 e 2019 do número de permisos de marisqueo a pé segundo confrarías da provincia de Pontevedra (ver táboa 1), das dezanove entidades con *permex* nesas dúas anualidades que marcan os límites do período ou nunha delas (caso de Sanxenxo²), soamente en dúas confrarías aumentou o número de *permex* durante o intervalo de estudo: Vilaboa (de 66 a 67) e Portonovo (de 0 a 5 permisos). Nas outras dezasete confrarías diminuíu o número de *permex*, destacando nove entidades por retrocesos absolutos que superan o medio centenar de permisos de marisqueo a pé: Vilanova (-53), Arcade (-68), Baiona (-81), Cambados (-101), Redondela (-151),

² A confraría de Sanxenxo só tivo *permex* en 2016 (4) e 2017 (2), por iso é polo que aparece na táboa 2 sen datos segundo sexo ao recoller só os datos para os dous anos que son os límites do intervalo da serie 2011-2019. Mencionar que, nesas dúas anualidades, os *permex* de Sanxenxo estaban en mans de homes.

O Grove (-192), Moaña (-238), Pontevedra (-251) e a Illa de Arousa (-330 *permex*). Destas entidades, as catro últimas significa cada unha delas máis do 10% do declive total do número de permisos de explotación de marisqueo a pé que rexistrou a provincia de Pontevedra entre 2001 e 2019 (-1.650), representando entre elas o 61,3% da regresión provincial.

Táboa 1. Evolución do número de *permex* por confrarías de marisqueo de Pontevedra

Confrarías	Abs. 2001	Abs. 2019	(A) Dif. Abs. 2019-2001	% sobre Total (A)	Taxa % 2019/2001
Confraría da Guarda	51	44	-7	0,42	-13,73
Confraría de Aldán - O Hío	28	8	-20	1,21	-71,43
Confraría de Arcade	168	100	-68	4,12	-40,48
Confraría de Baiona	134	53	-81	4,91	-60,45
Confraría de Cambados	300	199	-101	6,12	-33,67
Confraría de Cangas	26	6	-20	1,21	-76,92
Confraría de Carril	129	88	-41	2,48	-31,78
Confraría de Lourizán	202	178	-24	1,45	-11,88
Confraría de Moaña	300	62	-238	14,42	-79,33
Confraría do Grove	605	413	-192	11,64	-31,74
Confraría de Pontevedra	465	214	-251	15,21	-53,98
Confraría de Portonovo (*)	0	5	5	-0,30	...
Confraría de Raxó	86	53	-33	2,00	-38,37
Confraría de Redondela	278	127	-151	9,15	-54,32
Confraría de Sanxenxo	0	0	0	0,00	...
Confraría de Vigo	49	6	-43	2,61	-87,76


Confraría de Vilaboa	66	67	1	-0,06	1,52
Confraría de Vilanova	284	231	-53	3,21	-18,66
Confraría de Vilaxoán	73	70	-3	0,18	-4,11
Confraría da Illa de Arousa	563	233	-330	20,00	-58,61
Total Pontevedra	3.807	2.157	-1.650	100,00	-43,34

Elaboración propia. Fonte: Consellería do Mar (pescadegalicia.gal) e IGE. (*) Os 5 *permex* da confraría de Portonovo están especializados en obter poliquetos para a carnada que utilizan os membros da confraría de pescadores.

En canto á taxa de decrecemento entre 2001 e 2019, dentro dun contexto provincial no cal dominou con claridade a tendencia regresiva (-43,3% do total de *permex* en Pontevedra), en oito confrarías o decrecemento superou o limiar do -50% no número de *permex* rexistrados: Pontevedra (-54%), Redondela (-54,3%), a Illa de Arousa (-58,6%), Baiona (-60,5%), Aldán - O Hío (-71,4%), Cangas (-76,9%), Moaña (-79,3%) e Vigo (-87,8%).

Distribución dos permisos de marisqueo a pé segundo sexo entre 2011 e 2019

A Consellería do Mar e o Instituto Galego de Estatística ofrecen datos segundo sexo para os permisos de marisqueo a pé, malia que a serie temporal abarca desde 2011 ata 2019. Para o conxunto das confrarías da provincia de Pontevedra, dos *permex* rexistrados en 2019, 1.683 corresponden na súa titularidade a mulleres e 474 a homes; unhas cantidades que, en termos porcentuais, significan o 78% e o 22%, respectivamente. Para a comunidade autónoma de Galicia, a distribución segundo sexo en 2019 tamén se expresou claramente a prol das mulleres, malia que en menor grao: 69,7% de mulleres e 30,3% de homes. Na evolución temporal de 2011 a 2019 (ver gráfico 5), percíbese unha tendencia continuada ao aumento da presenza dos homes na titularidade dos *permex*, aínda que persiste a hexemonía feminina en 2019. Así, durante o período de análise, a porcentaxe de mulleres diminuíu en -17,1 puntos na provincia de Pontevedra e en -20 puntos en Galicia, como consecuencia do crecemento dos *permex* con titularidade de homes: desde 4,9% a 22% na provincia e desde 10,3% ata 30,3% na comunidade autónoma de Galicia. En definitiva, parece que o marisqueo a pé, unha actividade laboral moi feminizada, se vai abrindo progresivamente a unha maior presenza de homes.



Se consideramos a distribución porcentual por sexo dos *permex* existentes en 2019 en cada confraría da provincia de Pontevedra, observamos que soamente en dúas entidades das dezanove con información estatística por sexo (agás Sanxenxo) a porcentaxe de homes consegue superar a respectiva de mulleres, malia que se trata de dúas entidades cunhas cantidades de *permex* das máis baixas³ entre as confrarías pontevedresas. Nas outras dezasete confrarías a porcentaxe feminina superou a masculina, destacando once delas por exceder os *permex* de mulleres o 75% do total: Vilaxoán (75,7%), Arcade (76%), O Grove (76,5%), Redondela (80,3%), Vilanova (82,3%), Cangas (83,3%), Vilaboa (86,6%), Cambados (93,5%), A Illa de Arousa (96,6%), Moaña (96,8%) e Aldán -O Hío (100% de mulleres). Polo demais, na evolución entre 2011 e 2019, percíbese unha evidente tendencia á diminución da presenza relativa das mulleres en prol dos homes entre os *permex* rexistrados en cada confraría pontevedresa: por tanto, a acusada feminización dos permisos de marisqueo a pé debilitouse nos últimos anos.

³ Polo demais, no caso da confraría de Portonovo, os 5 *permex* en mans de homes dedícanse a capturar poliquetes para a carnada que utilizan os membros da confraría de pescadores.

Táboa 2. Porcentaxes de *permex* segundo sexo por confrarías de marisqueo en 2011 e 2019: % de cada sexo respecto do total de *permex* por confraría

Confrarías	% H 2011	% M 2011	% H 2019	% M 2019	Dif. % H 2019-2011	Dif. % M 2019-2011
Confraría da Guarda	13,64	86,36	38,64	61,36	25,00	-25,00
Confraría de Aldán - O Hío	0,00	100,00	0,00	100,00	0,00	0,00
Confraría de Arcade	0,00	100,00	24,00	76,00	24,00	-24,00
Confraría de Baiona	15,19	84,81	30,19	69,81	15,00	-15,00
Confraría de Cambados	1,71	98,29	6,53	93,47	4,82	-4,82
Confraría de Cangas	0,00	100,00	16,67	83,33	16,67	-16,67
Confraría de Carril	7,89	92,11	28,41	71,59	20,51	-20,51
Confraría de Lourizán	5,45	94,55	48,31	51,69	42,86	-42,86
Confraría de Moaña	0,97	99,03	3,23	96,77	2,25	-2,25
Confraría do Grove	4,85	95,15	23,49	76,51	18,63	-18,63
Confraría de Pontevedra	5,36	94,64	29,91	70,09	24,55	-24,55
Confraría de Portonovo (*)	100,00	0,00	100,00	0,00	0,00	0,00
Confraría de Raxó	12,12	87,88	33,96	66,04	21,84	-21,84
Confraría de Redondela	13,66	86,34	19,69	80,31	6,02	-6,02
Confraría de Sanxenxo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Confraría de Vigo	50,00	50,00	100,00	0,00	50,00	-50,00
Confraría de Vilaboa	1,45	98,55	13,43	86,57	11,98	-11,98
Confraría de Vilanova	0,47	99,53	17,75	82,25	17,27	-17,27
Confraría de Vilaxoán	1,56	98,44	24,29	75,71	22,72	-22,72
Confraría da Illa de Arousa	0,00	100,00	3,43	96,57	3,43	-3,43
Total Pontevedra	4,87	95,13	21,97	78,03	17,11	-17,11

Elaboración propia. Fonte: Consellería do Mar (Pescadegalicia.gal) e IGE. (*) Os 5 *permex* da confraría de Portonovo están especializados en obter poliquetes para a carnada que utilizan os membros da confraría de pescadores.

Malia que se produciu un aumento relevante do número de homes titulares de *permex* desde 2011, a feminización do colectivo demográfico ocupado no marisqueo a pé en Pontevedra e Galicia é unha realidade máis que notable. Podemos explicala mediante a teoría da «Segmentación do Mercado de Traballo»; esta dinos que hai unha pluralidade de mercados laborais e que cada mercado específico se caracteriza por un conxunto de barreiras sociais e institucionais, de carácter extraeconómico, que canalizan e limitan o acceso a este e o diferencian con respecto a outros mercados laborais, e que a situación de actividade e a traxectoria laboral das persoas activas está condicionada polo mercado no cal logran situarse, o que predetermina as súas oportunidades de mobilidade laboral-profesional e as condicións de emprego e traballo ás que conseguen acceder. É dicir, o tipo de actividade e o posto de traballo, a remuneración, a estabilidade ou a temporalidade, se a xornada é a tempo parcial ou completo, o dereito a prestacións sociais etc. (Recio, 1995, p. 98). En síntese, a teoría da Segmentación do Mercado de Traballo afirma que, ademais da cualificación educativa e profesional e o capital relacional adquiridos, a inserción laboral das persoas está condicionada polos valores e as actitudes, os estereotipos e os prexuízos, as normas e as expectativas socioculturais con respecto ás actividades laborais, pero tamén con relación á idade, o sexo-xénero, a etnia-raza, o estado civil e a situación familiar etc., cos que se clasifican e estruturan nunha sociedade determinada aos grupos e individuos, predeterminando o seu acceso, permanencia e mobilidade entre un e outro mercado de traballo.

En liñas xerais, a teoría da Segmentación do Mercado de Traballo distingue dous grandes mercados de traballo: *primario* e *secundario*, cada un dos cales se segmenta á súa vez en dous submercados: *superior* e *inferior*. Os empregos cualificados, con estabilidade, carreira profesional

e protección sociolaboral, mellor remunerados, forman o *mercado de traballo primario*: os máis cualificados e remunerados de nivel directivo e técnico superior constitúen o ‘segmento primario superior’, mentres que os que teñen unha cualificación menor, de nivel técnico e manual especializada, cobrando tamén unha remuneración menor, constitúen o ‘segmento primario inferior’. Ambos os segmentos do mercado primario desenvólvense en condicións de economía formal, isto é, regulada polas normas das Administracións públicas e dos convenios colectivos entre as organizacións empresariais e sindicais. En canto ao *mercado de traballo secundario*, este alberga os empregos de cualificación media e baixa de carácter temporal, e distingue entre os empregos precarios que se desenvolven no marco da economía formal, que constitúen o ‘segmento secundario superior’, e os empregos máis precarios que se desenvolven en condicións de economía informal ou somerxida (á marxe das normas públicas, os convenios colectivos e o sistema de protección institucional), os cales forman o ‘segmento secundario inferior’.

Antes da reforma que regulou e profesionalizou o marisqueo a pé implementada pola Xunta de Galicia durante a última década do século xx, esta actividade constituía unha ocupación bastante precaria, característica do segmento inferior do mercado de traballo secundario. Era unha actividade manual sen cualificar, temporal e a tempo parcial, que achegaba unha remuneración económica insuficiente a quen a realizaba; en todo caso podía supoñer unha axuda ou un ingreso complementario con relación a outra fonte económica máis importante existente nun fogar. Así mesmo, realizábase en condicións de economía informal, sen Seguridade Social, implicando para quen a efectuaba que non tiña dereito a recibir unha prestación social de baixa por enfermidade ou desemprego, nin unha pensión contributiva de xubilación ou incapacidade. Estes

trazos manifestamente negativos predeterminaron que, a este tipo de ocupación precaria e informal, accedesen fundamentalmente mulleres dos municipios costeiros cunha baixa formación educativa e sen cualificación profesional, as cales se dedicaban ao traballo doméstico non retribuído no seu fogar familiar, sufrindo carencias subxectivas e barreiras obxectivas que dificultaban o seu acceso ás ofertas de emprego de baixa cualificación da economía formal, ben fosen de carácter temporal (mercado secundario superior) ou indefinido (mercado primario inferior).

Hai que ter en conta que, no contexto sociocultural dos fogares das clases populares, foron hexemónicas as actitudes e os valores patriarcais e androcéntricos que infravaloraban ás mulleres e as encapsulaban no espazo doméstico-reprodutivo, en base a crenzas, estereotipos e prexuízos de xénero con respecto a *que debe e pode facer (ou non debe, nin pode facer)* unha persoa segundo sexa unha muller ou un home. Isto é, a variable biolóxica (*macho/femia*) identificábase culturalmente con características e prácticas socioeconómicas que se apreciaban como ‘naturalmente’ femininas ou masculinas. Estas ‘identidades de xénero’ traducíronse nunha ‘división sexual do traballo’ con importantes desigualdades de xénero, mediante a que se segregaba e cualificaba as mulleres en roles e actividades que a cultura tradicional apreciaba como naturalmente femininas, mentres que os homes se cualificaban nas que se valoraban como naturalmente masculinas. Durante o proceso de socialización primaria (familia, veciñanza) e secundaria (educación formal e institucional), as mulleres adoitan adscribirse ao rol de ‘ama de casa-nai-coidadora de familiares’ e, subsidiariamente, a outros roles sociolaborais que se representan como unha proxección dese *rol feminino principal* nas esferas do ensino, a sanidade, os servizos sociais, o comercio ou os servizos persoais (coidado físico-psicolóxico, aparencia estética).

A desvalorización cultural das mulleres supuxo que, nos mercados de traballo, fosen canalizadas á realización de ocupacións de menor cualificación e status sociolaboral, xeralmente en traballos de execución subordinados dentro da xerarquía ocupacional⁴ onde os empregos de maior cualificación e prestixio con funcións de control-supervisión ou de organización-dirección son efectuadas por homes⁵. Debido a esa infravaloración do xénero feminino, o «poder social de negociación de mercado⁶» (Prieto, 1994) das mulleres das clases populares é bastante débil e por iso se ven abocadas a inserirse no mercado de traballo secundario, onde son relegadas aos denominados “traballos de calquera” (Offe, 1992); empregos manuais de baixa ou nula cualificación profesional que se desenvolven en condicións de traballo e emprego precarias, con frecuencia nun ámbito de economía somerxida ou informal.

En canto ao sector pesqueiro galego, os traballos de calquera aos que foron relegadas as mulleres correspóndense cos de operarias e auxiliares de produción nas industrias conserveiras, redeiras (elaboración, mantemento e reparación de redes e aparellos) e no marisqueo a pé. Ata a ordenación, regulación e profesionalización promovida pola Xunta de Galicia, as redeiras e mariscadoras a pé efectua-

4 Na cultura tradicional (patriarcal e androcéntrica), as identidades e roles *femininos* subordinábanse ás identidades e roles *masculinos*, reproducindo a actitude de obediencia que se esperaba dentro do espazo doméstico-familiar da muller que era esposa, filla ou irmá con respecto ao home que era o seu esposo, pai ou irmán. Esta subordinación do xénero feminino ao masculino tamén se proxectaba e estendía ás esferas económica e laboral.

5 Na actualidade, as *desigualdades de xénero* en canto á xerarquía ocupacional de execución/dirección denomínanse co concepto do *teito de cristal*: as mulleres conseguen chegar ata roles laborais con funcións intermedias nas organizacións públicas e privadas, pero están claramente infrarrepresentadas no nivel de dirección e liderado. A través de barreiras en aparencia ‘neutras e invisibles’ (*crystal*), pero moi reais (*teito*), limítase o acceso das mulleres a cargos de dirección e liderado, de toma de decisións nas organizacións públicas e privadas.

6 Con este concepto, o sociólogo Carlos Prieto refírese á capacidade e disposición dun/nha traballador/a, ou conxunto deles/as, para aceptar ou rexeitar un emprego cunha retribución e determinadas condicións de traballo e emprego. Por tanto, expresa o “nivel de aceptación” das condicións de traballo e emprego (por parte das e dos traballadores), por baixo do cal tenderían a considerar as súas oportunidades de emprego “socialmente” inaceptables.

ban a súa actividade como traballadoras autónomas informais, pois non cotizaban á seguridade social, o que era unha clara consecuencia da desvalorización sociocultural que padeceu o xénero feminino e os traballos sen prestixio e con escaso status nos que foron segregadas as mulleres das clases populares.

Que a maioría das mulleres dedicadas ao marisqueo a pé desempeñasen o rol de ‘ama de casa-nai-coidadora de familiares’ tamén limitou as súas oportunidades de capacitarse e acceder a empregos máis estables, con xornada completa e mellores prestacións sociais da economía formal, especialmente naquelas zonas costeiras con carencias nos servizos públicos especializados en facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral. O traballo de marisqueo a pé, ao ser unha actividade a tempo parcial e con certa estacionalidade, permitiulles desenvolver unha situación de pluriactividade: unha «dobre presenza» (Balbo⁷, 1994) no espazo doméstico-familiar e produtivo, ou de «dobre traballo» na actividade doméstica e de marisqueo a pé. Con todo, a súa ocupación no marisqueo a pé, infravalorado socialmente e cunha retribución baixa, reforzou a representación entre os fogares de traballadores do mar de que os empregos que poden realizar as mulleres son máis ben unha axuda ou un complemento con respecto á ocupación-emprego que desempeña o *home-cabeza de familia*, que é quen debe achegar, segundo a cultura patriarcal e androcéntrica, a fonte principal de ingresos ao fogar familiar.

Agora ben, desde 2011 a 2019, por que se incorporaron máis homes e con tendencia crecente a unha ocupación

7 A situación de «dobre presenza» foi estudada pola socióloga italiana Laura Balbo (1994), que a denominou tamén «dobre traballo», poñendo en evidencia non só a desigualdade de xénero que expresa esta situación complexa de pluriactividade, senón tamén a necesidade de investigar relacionalmente o traballo doméstico-familiar non retribuído co laboral-profesional retribuído das mulleres, o que supón redefinir as categorías de reprodución e produción, inactividade e actividade económica, para que perda forza o rumbo ideolóxico que infravalora os traballos non remunerados e remunerados efectuados polas mulleres.

tan feminizada como o marisqueo a pé? Pensamos que os cambios institucionais promovidos pola Xunta de Galicia no sentido de ordenar, regularizar e profesionalizar a actividade, así como de aumentar os ingresos económicos que reciben as persoas que traballan con continuidade e legalmente nela, melloraron significativamente a identidade e o status sociolaboral do marisqueo a pé entre os homes dos concellos costeiros que teñen estudos obrigatorios ou unha formación profesional básica. Por tanto, parece que o marisqueo a pé xa non se aprecia como unha actividade desvalorizada, precaria e mesmo marxinal polos homes novos e preadultos das clases populares que buscan un emprego.

Pero tamén temos que considerar na nosa análise explicativa a crise do emprego durante a Gran Recesión 2008-2013 en ramas económicas moi masculinizadas, como a pesca extractiva⁸ e a construción⁹, cuxa cantidade de ocupacións aínda non se recuperou aos niveis previos á Gran Recesión durante a nova etapa de crecemento económico e do emprego, o que seguramente contribuíu a que parte dos homes se introducisen no marisqueo a pé como unha actividade de refuxio. En todo caso, haberá que ver na evolución dos *permex* segundo sexo dos próximos anos se para os homes é unha simple “actividade de refuxio”, ante a caída da ocupación nas ramas económicas masculinizadas, ou, con todo, é unha “actividade de permanencia”, na cal deciden proseguir desenvolvendo a súa vida laboral.

8 Segundo os resultados de Ocupesca, a enquisa sobre poboación ocupada nos sectores de pesca e da acuicultura mariñeira en Galicia, os barcos con porto na comunidade autónoma de Galicia empregaron en 2017 a 11.377 tripulantes, case na súa totalidade homes (96% do total). Aínda que a cantidade de 2017 supón un incremento do 7% con respecto á de 2015 (10.635), con todo, aínda está por baixo (-9,4%) da tripulación enrolada en 2011 (12.552). Fonte: Ocupesca, Publicacións da Consellería do Mar (pescadegalicia.gal).

9 Segundo a explotación que realiza o IGE da EPA do INE, o sector da construción empregou en Galicia a 70.100 persoas en 2019, un 4,2% máis ca en 2018 (67.300). Pero en 2010 ocupaba a 104.900 persoas, representando a cantidade de 2019 un declive do -33,2% con respecto á de 2010. Cómpre sinalar que o 92,6% da poboación ocupada na construción galega son homes. Fonte: Seguimento e análise da construción, IGE.


Gráfico 6. % de Homes nos Permex de Pontevedra e Galicia entre 2011 e 2019

Elaboración propia. Fonte: Consellería do Mar e IGE.



Distribución dos permisos de marisqueo a pé segundo grupos de idade en 2011 e 2019

Os datos estatísticos publicados pola Consellería do Mar e o IGE sobre os permisos de marisqueo a pé tamén nos permiten coñecer a distribución das persoas titulares por grupos de idade con respecto á serie temporal 2011-2019: na provincia de Pontevedra e referíndonos á anualidade de 2019, o grupo máis frecuente é o de 51 a 60 anos co 36,7% do total, seguido do grupo de 41 a 50 anos co 32,2% e, en terceiro lugar, emerxe o grupo de máis de 60 anos co 11,9% do total de *permex* da provincia. A distribución pontevedresa das persoas titulares de permisos de marisqueo a pé describe unha estrutura por idade case idéntica á do conxunto de Galicia, como se observa no gráfico 7. En xeral, nas dúas distribucións móstrase hexemónico o grupo de persoas adultas e maduras (de 41 a 60 anos), xa que significan polo menos dous terzos do total dos permisos de explotación rexistrados en 2019: o 69% na provincia e o 67% na comunidade autónoma.



Se comparamos as distribucións de 2011 e 2019, en principio percíbese unha evolución cara ao rexuvenecemento na estrutura por idade do colectivo demográfico do marisqueo a pé, tanto na provincia de Pontevedra como en Galicia; así, aumentou a importancia dos grupos de ata 30 anos, de 31 a 40 anos e de 41 a 50 anos, a diferenza dos grupos de 50 a 60 anos e, sobre todo, de máis de 60 anos cuxa relevancia cuantitativa diminuíu. Neste sentido, as taxas de crecemento (%) ou decrecemento (-%) no número de *permex* para cada grupo de idade infórmanos dunha tendencia de renovación demográfica no colectivo de persoas que mariscan a pé, pois o grupo novo incrementou os seus efectivos en nada menos que un 155,3% en Pontevedra (+59 persoas) e nun 102,2% en Galicia (+93 persoas). Paralelamente, de 2011 a 2019 o grupo das persoas que superan os 60 anos diminuíu os seus efectivos nun terzo: -34,4% na provincia e -32,8% na comunidade autónoma.

Táboa 3. Distribución dos *permex* segundo grupos de idade en Pontevedra e Galicia en 2011 e 2019: absolutos, % cada grupo e taxas de crecemento (%) ou decrecemento (-%)

Grupos de Idade	Abs. 2011	% 2011	Abs. 2019	% 2019	Dif. Abs. 2019-2011	Dif. % 2019-2011	Taxas 2019/2011
Ata 30 anos	38	1,75	97	4,50	59	2,75	155,26
De 31 a 40 anos	269	12,36	318	14,74	49	2,39	18,22
De 41 a 50 anos	620	28,48	695	32,22	75	3,74	12,10
De 51 a 60 anos	860	39,50	791	36,67	-69	-2,83	-8,02
Máis de 60 anos	390	17,91	256	11,87	-134	-6,05	-34,36
Total Pontevedra	2.177	100,00	2.157	100,00	-20	0,00	-0,92
Ata 30 anos	91	2,29	184	4,87	93	2,58	102,20
De 31 a 40 anos	553	13,93	597	15,81	44	1,88	7,96


De 41 a 50 anos	1060	26,70	1215	32,17	155	5,47	14,62
De 51 a 60 anos	1567	39,47	1311	34,71	-256	-4,76	-16,34
Máis de 60 anos	699	17,61	470	12,44	-229	-5,16	-32,76
Total Galicia	3.970	100,00	3.777	100,00	-193	0,00	-4,86

Elaboración propia. Fonte: Consellería do Mar (pescadegalicia.com) e IGE.

Agora ben, ata que punto esa renovación demográfica é capaz de rexuvenecer e remudar a poboación ocupada no marisqueo a pé? Estimemos o Índice de Recambio das persoas titulares dos *permex* en 2011 e 2019, un indicador que relaciona a cantidade de persoas maiores de 60 anos coas de ata 30 anos: en 2019, o Índice de Recambio na provincia de Pontevedra mostra unha relación de 264 persoas de máis de 60 anos por cada 100 de ata 30 anos e de 255 por cada 100 en Galicia, por tanto en ambos os territorios carécese de suficiente capacidade de rexuvenecemento e substitución demográfica no colectivo de mariscadores a pé. Con todo, con relación a 2011 obsérvase unha máis que notoria diminución do valor do Índice de Recambio na provincia (1.026 persoas de máis de 60 anos por cada 100 de ata 30 anos) e na comunidade autónoma (768 por cada 100), informándonos dunha significativa mellora na capacidade de rexuvenecemento e remuda, malia que aínda é claramente insuficiente.

Distribución dos permisos de marisqueo a pé segundo sexo e grupos de idade en Galicia

Non se publican datos estatísticos sobre as persoas titulares de permisos de marisqueo a pé referidos á provincia de Pontevedra con respecto ao cruzamento bivariable entre a idade e o sexo, o que nos permitiría debuxar unha “pirámide da poboación pontevedresa que é titular dun permex”. En todo caso, o IGE si publica este tipo de cruzamento para o conxunto de Galicia, unha información que imos utilizar para trazar as pirámides de 2011 e 2019 que describen a estrutura por idade e sexo do colectivo de persoas titulares dun *permex*, o que nos serve para imaxinar como sería a pirámide pontevedresa. Nunha primeira observación, percibimos que é un colectivo moi feminizado, xa que os histogramas da dereita, os cales representan os grupos de idade das mulleres, son bastante máis extensos ca os da esquerda, que corresponden aos homes.




Porén, tras unha segunda mirada, tamén se advirte que entre 2011 e 2019 se produce unha contracción case xeneralizada dos histogramas femininos (rosas), mentres

se dilataron todos os histogramas masculinos (azuis), motivada pola incorporación de homes nos cinco grupos de idade e, pola contra, o declive das mulleres en catro dos cinco grupos (só aumentou o seu número entre a mocidade). Esta dinámica diferenciada por sexo é moi relevante, xa que supón que en 2019 os homes superasen as mulleres no grupo da mocidade (58,2% do total de ambos os sexos de ata 30 anos) e case se equiparen cuantitativamente no seguinte grupo da preadultez (48,6% do total de ambos os sexos de 31 a 40 anos). Así mesmo, percíbese que a representación dos homes aumentou nos outros tres grupos de idade, mesmo entre os maiores de 60 anos.

E nunha terceira observación, constatamos que a estrutura por idade das mulleres se manifesta claramente máis madura, contrastando coa dos homes, que se expresa máis adulta: entre as primeiras son máis frecuentes as persoas de 51 a 60 anos (39,6% do total feminino en 2019) e entre os segundos as persoas de 41 a 50 anos (37,6% do total masculino en 2019). Así mesmo, na estrutura feminina por idade destaca en maior medida o grupo das persoas maiores de 60 anos: 16% das mulleres por só o 4,2% dos homes. Por conseguinte, o moderado rexuvenecemento da estrutura por idade das persoas titulares de *permex* entre 2011 e 2019 débese á incorporación ao marisqueo a pé de homes (+737 efectivos), xa que entre as mulleres predominou a corrente de abandono (-930 efectivos).

Gráfico 9. Evolución do número de *permes* segundo grupos de idade e sexo en Galicia entre 2011 e 2019: absolutos
Elaboración propia. Fonte: Consellería do Mar e IGE.







Capítulo 3

ANÁLISE DOS COLECTIVOS DE MARISQUEO A PÉ NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Modelo organizativo e representatividade da muller nos colectivos de marisqueo a pé

Na provincia de Pontevedra hai un total de 18 colectivos de marisqueo a pé vinculados ás confrarías de pescadores. Só dúas confrarías carecen de marisqueo a pé, a de Sanxenxo e a de Portonovo; esta última só ten 5 *permex* para poliquetos que usan para carnada na propia confraría.

Atendendo o tipo de plan de explotación, temos que dicir que, dos 18 colectivos de marisqueo a pé, 16 están dentro do plan xeral (moluscos bivalvos), extraendo sobre todo ameixa a berberecho, e integran 2.033 persoas mariscadoras; os outros 2 colectivos están dentro do plan de recursos específicos, concretamente extraen percebe, e integran 87 persoas.

Táboa 1. Persoas mariscadoras e colectivos segundo plan de explotación

Tipo de plan	Número de entidades	Número de persoas mariscadoras
Percebe	2	87
Xeral	16	2033
Total xeral	18	2.120

Elaboración propia. Fonte: Confrarías de Pescadores.

Segundo os datos facilitados polos representantes destes colectivos, actualmente hai 2.120 persoas que se dedican ao marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, das cales 401 son homes e 1.719 son mulleres, o que supón un 18,92% de homes e un 81,08% de mulleres.

Estes datos son lixeiramente distintos aos achegados no capítulo 2, xa que aqueloutros se refiren ao número de *permex* no ano 2019, e foron recadados polo Instituto Galego de Estatística, que os obtén da Consellería do Mar (www.pescadegalicia.gal), mentres que os aquí achegados corresponden ao número de persoas mariscadoras censadas nas referidas confrarías no mes de agosto do ano 2020 e foron facilitados polas propias confrarías.

Táboa 2. Persoas mariscadoras a pé distribuídas por sexo

Confraría	Persoas	Homes	Mulleres
A GUARDA	46	20	26
ALDÁN - O HÍO	7	0	7
ARCADE	96	15	81
BAIONA	41	15	26
CAMBADOS	211	16	195
CANGAS	5	0	5
CARRIL	86	22	64
ILLA DE AROUSA	232	2	230
LOURIZÁN	171	56	115
MOAÑA	59	3	56
O GROVE	380	100	280

PONTEVEDRA	241	74	167
RAXÓ	52	17	35
REDONDELA	127	8	119
VIGO	5	5	0
VILABOA	65	3	62
VILANOVA DE AROUSA	226	31	195
VILAXOÁN	70	14	56
Total	2.120	401	1.719

Elaboración propia. Fonte: Confrarías de Pescadores.

Como é sabido, no seo da confraría poden formarse os denominados “sectores da produción”, sendo un deles o marisqueo a pé, e outro sector é o de recursos específicos a pé, entre outros que poidan formarse nas confrarías.

A normativa que regula as confrarías de pescadores tamén establece que cando un sector da produción estea constituído en agrupación sectorial os membros que resulten electos/as como vogais da xunta xeral serán membros natos/as da xunta directiva desa agrupación sectorial.

Así pois, a través dos seguintes cadros imos analizar a representación do marisqueo a pé nas xuntas xerais das confrarías, que coinciden cos membros das directivas nas agrupacións de marisqueo a pé no caso de que estean constituídas como tales.

Táboa 3. Representantes nas xuntas xerais das confrarías distribuídos por sexo

Confraría	Número representantes xunta xeral	Homes	Mulleres
A GUARDA	4	3	1
ALDÁN - O HÍO	2	0	2
ARCADE	6	1	5
BAIONA	3	1	2
CAMBADOS	6	0	6
CANGAS	2	0	2

CARRIL	10	4	6
ILLA DE AROUSA	6	0	6
LOURIZÁN	9	8	1
MOAÑA	7	0	7
O GROVE	11	1	10
PONTEVEDRA	10	2	8
RAXÓ	6	1	5
REDONDELA	8	0	8
VIGO	3	3	0
VILABOA	6	0	6
VILANOVA DE AROUSA	11	0	11
VILAXOÁN	6	0	6
Total	116	24	92

Elaboración propia. Fonte: Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

Como pode observarse no anterior cadro, hai 116 persoas mariscadoras que representan o marisqueo a pé nas xuntas xerais das confrarías, das cales 24 son homes e 92, mulleres. Isto supón un 20,69% de homes e un 79,31% de mulleres.

En canto ao modelo organizativo temos que, dos 18 colectivos de marisqueo a pé, 11 están constituídos formalmente en agrupación sectorial, e 7 non dispoñen de tal organización pois se atopan directamente integrados nas respectivas confrarías.

Así pois, vemos que a agrupación sectorial é o modelo organizativo predominante no marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, xa que son 11 as confrarías que dispoñen de agrupacións e integran un total de 1.331 persoas mariscadoras, fronte a 7 confrarías que carecen deste modelo organizativo e integran 789 persoas mariscadoras.

Táboa 4. Persoas mariscadoras distribuídas segundo confraría: con agrupación e sen agrupación

Confraría	Colectivo	Número de persoas mariscadoras
Con agrupación	11	1.331
A GUARDA	1	46
ARCADE	1	96
CAMBADOS	1	211
CARRIL	1	86
LOURIZÁN	1	171
PONTEVEDRA	1	241
RAXÓ	1	52
REDONDELA	1	127
VIGO	1	5
VILANOVA DE AROUSA	1	226
VILAXOÁN	1	70
Sen agrupación	7	789
ALDÁN - O HÍO	1	7
BAIONA	1	41
CANGAS	1	5
ILLA DE AROUSA	1	232
MOÑA	1	59
O GROVE	1	380
VILABOA	1	65
Total	18	2.120

Elaboración propia. Fonte: Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra.

Como se expón no capítulo 5, a constitución dunha agrupación sectorial require do voto favorable dos dous terzos dos membros do sector asistentes á xuntanza de constitución e sempre que representen máis da metade dos membros do sector que se dedican á actividade específica.

Os órganos reitores das agrupacións son a asemblea xeral, a xunta directiva e o/a presidente/a. A asemblea xeral estará constituída pola totalidade dos membros da agrupación.

Como xa dixemos, dos 18 colectivos que identificamos, 11 están constituídos en agrupación de mariscadores. Así pois, temos 11 presidentes de agrupación, dos cales 2 son homes e 9, mulleres. En termos porcentuais estaríamos nun 18% de homes e un 82% de mulleres, aínda que cómpre salientar que as agrupacións que teñen un home como presidente son máis ben pequenas; por exemplo, en Vigo hai 5 persoas mariscadoras e en Carril, 86. Así pois, a representación dos homes nas agrupacións de mariscadoras é de 91 persoas, fronte a 1.240 mulleres.

A idoneidade das agrupacións sectoriais como modelo organizativo é obxecto de controversia no sector. En xeral os/as presidentes/as de agrupacións pensan que é unha boa ferramenta organizativa para o marisqueo a pé; opinión que, en xeral, non é compartida polos demais colectivos que non teñen formalizado este modelo organizativo.

Non cabe dúbida de que este asunto é de grande importancia para o sector marisqueiro, polo que será analizado no vindeiro estudo, que está proxectado pola da Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra.

Consideramos que tamén resulta de interese coñecer o perfil das persoas presidentas da agrupacións de marisqueo, así como o perfil das demais portavoces dos colectivos do marisqueo a pé que non dispoñen de agrupación. O resultado é que as persoas “líderes” do marisqueo a pé teñen as seguintes características persoais e profesionais:

- a) Das 16 persoas entrevistadas 14 son mulleres e 2 homes, polo que podemos concluír que o sexo máis habitual é o dunha muller.
- b) A media de anos á fronte do colectivo é de 7. As menos experimentadas levan 2 anos e as máis experimentadas levan 21 anos.

- c) A media de experiencia profesional é de 25 anos (traballando no mar). As máis novas levan 8 anos e as máis veteranas levan 47 anos traballando no mar.

Aínda cando todos os colectivos marisqueiros elaboran o seu plan de explotación e establecen o número máximo de días de traballo, consideramos que resulta tamén interesante saber aproximadamente cantos días ao ano traballan efectivamente. Segundo as representantes dos colectivos de marisqueo, neste sector de actividade trabállase unha media de 176 días ao ano, distribuídos do seguinte xeito:

- a) Días de extracción: 150 días/ano (media); os que máis traballan fano durante 180 días e os que menos, durante 70 días/ano.
- b) Días dedicados a outros traballos (vixilancia, limpeza, outros labores de semicultivo): 25 días/ano (media); malia que neste aspecto a distribución é moi heteroxénea, pois os que máis tempo dedican a este labor empregan 70 días, mentres que outros non dedican ningún día a estes labores, que, como é sabido, non son retribuídos.

Tendo en conta que a xornada habitual no marisqueo a pé é o equivalente a unha marea —isto é, entre 3 e 4 horas—, o resultado é unha media de 613 horas ao ano, incluíndo tanto as horas de extracción como o tempo dedicado a outros labores. Loxicamente, para facer unha avaliación completa deste oficio débense ponderar, ademais das horas traballadas, outras variables, como as condicións de traballo e os resultados económicos obtidos, por exemplo; cuestións ambas que transcenden a dimensión deste estudo, e sobre as que non hai publicadas análises en profundidade.

O valor de formación

Tradicionalmente, as confrarías de pescadores desenvolvían importantes actividades de carácter social; non en balde, nos antigos estatutos dos gremios de mareantes de principios do século XX establecíase que a misión do gremio era “a defensa dos intereses da clase mariñeira, e a instrución e o recreo dos seus socios”. Neste sentido, non debemos esquecer que foron as confrarías de pescadores as que crearon, a principios do século XX, as primeiras escolas para nenos en moitas vilas costeiras.

O interese pola instrución e a alfabetización dos traballadores do mar tamén foi unha das grandes preocupacións de relevantes valedores das xentes do mar, como Alfredo de Saralegui y Casellas e José Costa Alonso.

Por outra banda, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO)¹ considera especialmente relevante a formación dos pescadores e mariscadores a pequena escala, e di que “os Estados deberían promover o investimento en formación dos recursos humanos, en esferas tales como a saúde, o ensino, a alfabetización, a inclusión dixital e outros coñecementos de carácter técnico que xeren valor engadido respecto dos recursos pesqueiros, así como un aumento da concienciación”¹. Así mesmo, este organismo considera o desenvolvemento de capacidades das comunidades de pescadores un elemento clave, e convén que ese desenvolvemento debe basearse nos coñecementos teóricos e prácticos existentes, e ha de constituír un proceso bidireccional e flexible.

A Lei de pesca de Galicia di que a consellería competente en materia de pesca levará a cabo as actuacións necesarias para o fomento da formación, a capacitación e a reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores. Promoverá todo tipo

1 FAO. Directrices voluntarias para lograr a sustentabilidade da pesca a pequena escala. Recuperado de <http://www.fao.org/3/I8347ES/i8347es.pdf>

de actividades formativas mediante a colaboración, a cooperación e a coordinación entre organismos e entidades competentes en materia de pesca, educación e seguranza no traballo, especialmente a formación profesional para o emprego.

Así mesmo, dotará dos medios materiais e humanos necesarios e axeitados para o desenvolvemento, o seguimento e a execución dos programas e das medidas que se aproben. As actuacións adaptaranse ás necesidades formativas e de reciclaxe demandadas polo sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Neste ámbito, a Administración da comunidade autónoma de Galicia adoptará as medidas de acción positiva que favorezan o acceso efectivo das mulleres aos estudos oficiais, regrados e de calquera outra natureza, e mais ás actividades de formación, perfeccionamento e reciclaxe profesional, conducentes ás titulacións e ás capacitacións académicas e profesionais que permitan a inserción e a promoción laboral no sector da pesca, en tanto se rexistre infrarrepresentación das mulleres.

Non cabe dúbida ningunha de que un incentivo importante para favorecer o relevo xeracional no marisqueo é ofrecer a xente nova, á parte dunha profesión digna como é o marisqueo a pé, a posibilidade de formarse e mellorar profesionalmente. Neste sentido, sería ben relevante que as confrarías e as súas federacións contemplan programas de formación para o emprego que permitan aos seus socios crecer profesionalmente, ben sexa dentro do sector ou en sectores relacionados co mar. Deste xeito, a mocidade pode ver no marisqueo e na pesca unha profesión para comezar a súa vida laboral, onde formarse, onde obter certificados de capacitación profesional e, ademais, posibilidades de mellora e mobilidade profesional.

Sobre a relevancia da formación solicitamos a opinión dos/as presidentes/as das agrupacións e das demais portavoces do marisqueo a pé. A valoración é unánime xa que todos/as opinan que é importante ou moi importante que as per-

soas mariscadoras reciban con certa regularidade cursos de formación orientados a mellorar a súa cualificación profesional. Porén, unicamente 7 confrarías manifestaron organizar ou fomentar, nalgún momento, formación nos últimos anos; outras 5 dixeron non realizar ningún tipo de formación, e 6 non contestaron.

A formación é importante. Pero o sector, e con razón, semella non aceptar calquera tipo de formación. Opinan que a formación debe considerarse un medio para mellorar a cualificación profesional, e ha de estar debidamente enfocada ao colectivo. Neste sentido, as portavoces dos colectivos pronúncianse nos seguintes termos:

- Queren cursos que interesen ao colectivo, ben orientados ás necesidades das persoas mariscadoras.
- Cursos que poidan motivar os/as mozos/as a participar nos labores da agrupación.
- Consideran axeitada a formación mediante charlas sobre temas de cultura xeral relacionadas co mar, “porque a xente non le”.
- Cursos sobre temas relacionados coa organización e a xestión das agrupacións e as confrarías, sobre ferramentas para motivar o colectivo, sobre habilidades sociais e organización interna da confraría, asembleas etc.
- Demandan charlas, ademais de formación que permita un progreso profesional ou optar a outros sectores de actividade.
- Cursos prácticos nos que, por exemplo, se lles ensine aos novos a mariscar, a identificar as variedades de ameixa etc.
- Temas relacionados coa Seguridade Social, prevención de riscos etc.

Un aspecto moi relevante para a correcta xestión dos recursos de uso común, tal e como acontece co marisqueo, é a necesidade de promover a participación das persoas maris-

cadoras nos asuntos de interese colectivo: plans de explotación, xestión da agrupación, xestión da confraría etc.


Segundo Elinor Östrom, Premio Nobel de Economía en 2009, un dos principios básicos que cómpre seguir na xestión dos recursos de uso común é promover a participación dos/as profesionais. Dese xeito, ha de ser efectiva a opinión destes á hora de establecer as regras relativas á xestión da extracción, vixilancia e outras actividades, posto que, precisamente, un dos medios máis eficaces para promover a colaboración e o cumprimento das regras establecidas nos plans de explotación é facer partícipes dos acordos adoptados as persoas mariscadoras.

A miúdo, a xente nova que chega ao mundo do marisqueo adopta comportamentos individualistas, semella que “andan por libre”. Este feito dificulta aínda máis a xestión dos colectivos e prexudica a convivencia. Así pois, faise preciso buscar e implantar mecanismos que favorezan a conexión e as relacións no seo dos colectivos que permitan reforzar o sentimento de comunidade e de interese polo ben común.

Un dos medios dos que dispoñen as confrarías e as súas federacións para fomentar o sentimento de comunidade son as actividades colectivas de carácter participativo, tales como charlas, obradoiros formativos, actividades lúdicas etc. Este tipo de actividades, ademais, de cumprir unha función formativa ou lúdica, teñen unha segunda derivada, posto que reforzan as relacións mutuas, o sentimento de comunidade e a solidariedade.

Polo tanto, consideramos que as actividades formativas ben orientadas han de seguir considerándose parte esencial da axenda social das confrarías e as súas federacións, por un dobre motivo: o primeiro, polo que supón de mellora na cualificación profesional; e o segundo, polas dinámicas positivas que se establecen entre as persoas participantes, e entre estas e o colectivo.





Capítulo 4

ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUI- SA ÁS PERSOAS MARISCADORAS A PÉ DE PONTEVEDRA

Durante os meses de xullo e agosto de 2020 levamos a cabo unha enquisa dirixida ás persoas mariscadoras a pé das confrarías de Pontevedra. O proceso de enquisa constou de tres fases: na primeira, elaboramos un borrador de cuestionario que testamos con varias persoas mariscadoras, dando lugar á elaboración do cuestionario final, na modalidade de semiestruturado (26 preguntas pechadas e 5 preguntas abertas). A continuación, entregamos o cuestionario ás e aos representantes das confrarías aos/ás que informamos do propósito e lles explicamos o seu contido. Na segunda fase, púxose en marcha o traballo de campo, no cal as persoas mariscadoras recibiron o cuestionario para que o cubrisen persoalmente respondendo as 31 preguntas que contiña (cuestionario auto completado). Durante a fase do traballo de campo (desde a metade de xullo ata finais de agosto), abordamos un traballo técnico de información e seguimento, no cal non se produciron incidencias relevantes, e que finalizou coa recollida dos cuestionarios cubertos polas persoas mariscadoras: en to-

tal, 334 cuestionarios¹ procedentes de 15 confrarías pontevedresas, que representan unha mostra do 18,1% dos *permex* rexistrados nesas confrarías (1.843) e do 15,5% do total dos da provincia (2.157) en 2019. En canto á terceira fase do proceso de enquisa, estendeuse durante a primeira metade do mes de setembro: en primeiro lugar realizamos a codificación das preguntas abertas e a gravación informática dos cuestionarios e, a continuación, efectuamos unha tabulación cruzando as preguntas-variables dependentes coa variable sexo, utilizando o programa Excel e a súa opción de táboas dinámicas.

Na segunda quincena de setembro de 2020 desenvolvemos o traballo sociolóxico de análise cuantitativa dos resultados tabulados da enquisa, que expoñemos neste capítulo. O seu contido desprégase en catro apartados: o primeiro deles dedícase a coñecer as características sociodemográficas da mostra enquisada, referíndonos inicialmente á súa distribución por sexo e media de idade, polo estado civil e o nivel de estudos das persoas entrevistadas. Despois, interesámonos polo tamaño medio dos seus fogares, se teñen ou non fillos/as, se dependen economicamente e se conviven con outros familiares tamén dependentes, e indagamos sobre as posibles dificultades de conciliación entre a súa vida laboral e familiar.

O segundo apartado da análise da enquisa dedícase a coñecer a presenza de familiares traballando en actividades do mar e a actitude sobre a remuda xeracional: en canto ao primeiro aspecto, estudamos se tiñan familiares cando se iniciaron no marisqueo e se actualmente os teñen, considerando que tipos de familiares. En canto á segunda cuestión, coñecemos se lles gustaría que o seu fillo/a tra-

¹ Inicialmente, para unha poboación-universo de 2.150 mariscadores/as en Pontevedra en 2019, estimamos unha mostra de 330 cuestionarios cubertos, cunha marxe de confianza do 95,5% e unha marxe de erro de $\pm 5\%$, coa hipótese de $p=50\%$. Por conseguinte, cos 334 cuestionarios que finalmente recolleamos cubrimos con suficiencia ese obxectivo do traballo de campo.

ballase no mar e por que motivos principais o consideran favorable ou desfavorable.


O terceiro apartado céntrase na antigüidade laboral das persoas mariscadoras entrevistadas no sector a través do indicador da media de idade e o tempo medio de cotización á Seguridade Social. A continuación, saberemos sobre a distribución da mostra entrevistada segundo a proporción media que representaron os seus ingresos no total dos ingresos do seu fogar durante o último ano. Acabamos o apartado indagando sobre o seu grao de satisfacción co traballo de mariscador/a e os motivos principais da súa satisfacción ou insatisfacción.

O cuarto e último apartado do capítulo mostra a formación profesional das persoas entrevistadas respecto dos seguintes aspectos: primeiramente, saberemos que formación teñen, á parte do curso de capacitación do *permex*, e de que tipo de cualificación ou titulación se trata. Proseguimos a nosa indagación sociolóxica coa posible realización dalgún curso de formación profesional nos últimos cinco anos, distinguindo que tipo de cursos se efectuaron. Despois, coñeceremos a súa opinión sobre a necesidade da formación profesional e finalizaremos co tipo de curso ou tema de formación no cal lles gustaría capacitarse.

Características sociodemográficas das persoas entrevistadas


A mostra de persoas que se dedican ao marisqueo a pé e que participaron na enquisa foron 334, e comprenden unha media de idade de 48,7 anos para ambos os sexos, malia que o valor deste indicador é visiblemente superior entre as mulleres (49,7 anos) con relación aos homes (43 anos). Cómpre salientar que, entre as persoas enquisadas, o 83,8% son mulleres e o restante 14,4% do total son homes (1,8% de “non contesta”). Isto lévanos á conclusión acerca da máis que notoria feminización do colectivo laboral do marisqueo a pé.

Con relación ao estado civil, resulta hexemónico o de casado/a, xa que significa algo máis de dous terzos da mostra (68%), emerxendo en segundo lugar o estado de solteiro/a (11,7%) e, a continuación, o de emparellado/a (9%). Entre as mulleres entrevistadas, é máis frecuente o estado de casada (79,3%), a diferenza dos homes que mostran unha distribución máis diversa ou heteroxénea, pois os estados de emparellado e solteiro (27,1%) case se equiparan en significación porcentual co de casado (33,3%).




En canto ao nivel de estudos alcanzado, na mostra enquisada son máis frecuentes as persoas con estudos básicos

(30,8%) e con estudos obrigatorios, tipo EXB ou ESO (31,4%). A continuación, resaltan aqueles/as que teñen estudos secundarios, de bacharelato ou formación profesional, (22,2%) e, logo, as persoas sen estudos, que saben ler e escribir pero foron menos de cinco anos á escola (8,7%). En resumo, o nivel de estudos é máis ben baixo: o 71% do colectivo de ambos os sexos enquisado ten un nivel de ensino obrigatorio ou inferior. Con respecto á variable sexo, os homes teñen un nivel de estudos algo máis elevado, xa que son máis frecuentes as persoas entrevistadas que superan o nivel de estudos obrigatorios: 37,5% sobre 27,5% nas mulleres.



Con respecto ao tamaño dos fogares onde residen, en ambos os sexos confórmanos 3,4 persoas, un valor medio que se reduce a 2,9 entres os homes, mentres a media sobe a 3,5 persoas por fogar entre as mulleres entrevistadas. Doutra banda, o 85% das persoas enquisadas si teñen fillos/as,

a diferenza do 14,1% que non teñen. Se consideramos o sexo das persoas entrevistadas, a tenza de fillos/as é máis frecuente nas mulleres (90%) ca nos homes (58,3%).




O conxunto das persoas mariscadoras a pé con fillos/as, teñen un número medio de 1,8 fillos/as, un indicador estatístico que baixa a 1,7 entre os homes, e se eleva a 1,9 entre as mulleres entrevistadas. Con respecto á cuestión de se dependen as fillas e os fillos da persoa entrevistada, para os dous sexos sucede así no 61,1% das persoas con descendencia, unha proporción que resulta menor entre os mariscadores que son pais en comparación coas mariscadoras que son nais: 50% fronte a 63,2%.

Ademais das fillas e dos fillos que dependen de pais ou nais, interesámonos pola existencia doutros familiares dependentes que convivan na vivenda familiar: para os dous sexos, esta situación límitase ao 16,8% do total da mostra, pero a súa frecuencia é algo maior nas mulleres (17,5%) ca nos homes entrevistados (12,5%).

En canto á conciliación entre a vida familiar e laboral, no conxunto da mostra de ambos os sexos o 56,3% valora que non ten dificultades, mentres un 35,9% expresa que si ten algunhas dificultades e o restante 6,6% que ten bastantes ou moitas dificultades. En canto ás diferenzas por


sexo, entre as mulleres enquisadas aumenta a proporción das que opinan que teñen algunhas dificultades (38,2% sobre 25% nos homes), mentres que entre os homes son máis frecuentes os que opinan que non teñen dificultades para a conciliación da vida familiar e laboral (68,8% sobre 53,6% entre as mulleres).




Presenza de familiares e a remuda xeracional no sector

Neste apartado imos coñecer se as persoas mariscadoras a pé tiñan familiares ocupados no sector do mar cando comezaron a traballar e se, na actualidade, tamén os teñen. Despois, interesáronos sobre a potencialidade da remuda xeracional desde a perspectiva de se lles gustaría que o seu fillo ou a súa filla traballasen no sector do mar, indagando sobre os motivos principais da resposta afirmativa ou negativa.

Con relación á primeira cuestión, o 70,7% das persoas entrevistadas contestan que si tiñan familiares traballando no mar cando comezaron no marisqueo a pé, un indicador que alcanza un valor porcentual bastante máis alto entre as mulleres (73,9%) ca entre homes (54,2%). Con respecto ao tipo de familiares, o máis frecuente é o pai/a nai (47,9%) e, en segundo lugar destacan os tipos de irmán/á (32,2%) e curmán/á (32,2%). Despois, menciónanse os de tío/a (26,7%), cuñado/a (26,3%) e parella/esposo/a (25,4%). Ao introducir a variable sexo na nosa análise observamos que se expresan diferenzas en canto ao tipo de familiar máis habitual: entre as mulleres predomina o pai/a nai (47,8% sobre 42,3% nos homes), en tanto que nos homes resalta o curmán/a curmá (53,9% sobre 29,5% nas mulleres).



Agora, pasemos a coñecer que proporción de persoas entrevistadas teñen, na actualidade, familiares traballando no sector do mar: para o conxunto da mostra de mariscadores/as a pé de ambos os sexos o 66,2% contesta que si ten; unha resposta afirmativa que é algo máis frecuente entre as mulleres (67,5%) ca entre os homes (62,5%). Con relación ao tipo de familiar que traballa nalgunha actividade do mar, destacan por ser mencionados con maior reiteración: o cuñado / a cuñada (33,5%), o irmán /a irmá (37,1%) e o curmán / a curmá (39,4%). Se atendemos á variable sexo, nas mulleres practicamente se repite a clasificación anterior, mentres que nos homes varía pola preeminencia porcentual do curmán/da curmá (46,7%) sobre o irmán / a irmá e o cuñado / a cuñada (36,7% en ambos os casos).




Que o 70,7% das persoas enquisadas tivesen familiares traballando no mar cando comezaron no marisqueo a pé e o 66,2% os teña actualmente infórmanos da grande importancia das redes sociais informais de tipo familiar para acceder ás ocupacións que ofrece o sector do mar e, máis en concreto, á actividade do marisqueo a pé. En liñas xerais, as redes sociais informais, tanto as familiares como as de amizade, son moi eficaces á hora de informar sobre ofertas de emprego e de mobilizar posibles candidatos/as cara a estas. A grandes trazos, reducen significativamente o custo de procura e de mobilización da forza de traballo nos mercados de traballo, canalizando a inserción laboral da maioría das e dos activos que buscan un emprego ou pretenden cambiar de posto de traballo. Nese sentido, as redes sociais informais familiares e de amizade constitúen o ‘capital relacional’ que dispoñen as persoas que buscan un emprego, o cal pode chegar a ser máis relevante ca o capital educativo-formativo para acceder ao emprego: a empregabilidade e inserción laboral dependerán, en gran medida, da cantidade e calidade do capital relacional do que dispoñen os individuos. En situacións de crises do emprego, sexa pola escaseza ou pola baixa calidade (precariedade e economía informal), revalorízase a importancia do capital relacional, xa que aparece como un mecanismo social principal e indispensable para conseguir a inserción laboral e a estabilidade, o que require un esforzo persoal e familiar dirixido a adquirir relacións sociais informais para o emprego (Requena, 1991).

Agora ben, a clase social da que forman parte as familias e os individuos predetermina as relacións sociais informais ás que poden acceder e, por conseguinte, as oportunidades de procura e inserción laboral. Da mesma maneira que o acceso, adquisición e acumulación de capital económico e cultural depende da posición das fa-

milias e individuos na estrutura social, así tamén sucede co capital relacional; é dicir, as desigualdades, segregacións e exclusións sociais tamén se manifestan e reproducen nesta forma de capital social. As mozas e os mozos dependen en maior medida do capital relacional das súas familias, xa que ao non ter experiencia laboral non puideron acumular un capital relacional propio a través da rede de compañeiros/as do traballo, unha situación de carencia de relacións na cal tamén se atopan as amizades da súa idade, entre as cales non se poden ofrecer información e ‘contactos’ para o emprego. Certamente, se os familiares adultos e maduros traballan en actividades do sector do mar, o máis probable sexa que unha persoa nova da mesma capa ou fracción social acceda esencialmente a ofertas de emprego no mesmo sector, xa que é onde se concentra o capital relacional da súa rede familiar. Outro tanto cabe dicir con respecto ás mulleres adultas e maduras que pertencen á capa ou fracción social das xentes do mar, as cales, tras finalizar a etapa vital en que se dedicaron exclusivamente á crianza dos seus fillos/as menores, ou debido á separación/divorcio ou por enviudar, deciden incorporarse ao mercado de traballo, dependendo fundamentalmente da información e dos contactos que lles facilitan os seus familiares que traballan en actividades do mar. En resumo, de aí a elevada presenza de familiares traballando no sector do mar ente as persoas enquisadas, tanto cando comezaron a mariscar como na actualidade.


Por outra banda, a actitude favorable ou desfavorable da nai ou do pai con respecto a que o seu fillo/a traballe na actividade laboral do proxenitor/a é un bo indicador para indagar sobre a capacidade de remuda xeracional existente nesa mesma actividade. Para ambos os sexos, ao 63,8% do total da mostra non lle gustaría que o seu fillo/a traballase no sector do mar, mentres que ao 34,4%

si lle gustaría. Con relación á variable sexo, obsérvase unha actitude favorable máis frecuente entre os homes (43,8%) ca entre as mulleres (32,5%).




Coñezamos os motivos principais nos que as persoas entrevistadas basean a súa actitude desfavorable respecto a que o seu fillo/a (aínda que non teñan) traballe no sector do mar: o motivo principal que máis destacan ambos os sexos é que ‘é un traballo duro’ (68,5%). En segundo lugar, destacan os motivos de ‘ingresos insuficientes’ (58,7%) e ‘é á intemperie’ (41,3%). En terceiro lugar, destacan as ‘enfermidades profesionais’ (24,4%) e, en cuarto lugar, hai que mencionar catro motivos, aínda que cunha significación porcentual claramente inferior entre a mostra entrevistada: ‘a sociedade non nos valora’ (11,7%), ‘polo furtivismo/intrusismo’ (8,9%), ‘non hai promoción/carreira profesional’ (7,5%) e ‘falta cobertura social’ (7,1%). Se comparamos os resultados segundo a variable sexo, observamos que entre as mulleres entrevistadas se menciona con máis frecuencia o motivo principal de ‘a sociedade non nos valora’ (13,1%), mentres que entre os homes entrevistados despuntan en maior medida as súas respostas referidas aos motivos de ‘é un traballo duro’ (76,9%), ‘ingresos insu-

ficientes' (73,1%), 'é á intemperie' (53,9%), 'as enfermidades profesionais' (26,9%) e 'falta cobertura social' (23,1%).



Pasemos a coñecer os motivos principais nos que as persoas ás que lles gustaría que o seu fillo/a traballase no sector do mar basean a súa actitude favorable: en primeiro lugar, destaca 'son varias horas ao día, podes facer outras cousas' (67%), un motivo que predomina sen competencia sobre as demais opcións posibles. En segundo lugar de importancia porcentual, resalta 'é ao aire libre, en contacto coa natureza' (47,8%). En terceiro lugar, emerxe o motivo de 'gústame moito' (28,7%) e, en cuarto lugar, hai que mencionar catro motivos cuxa significación relativa comprende do 10% ao 20% das persoas que son favorables a que o seu fillo/a traballe no mar: 'ingresos suficientes' (18,3%), 'a cobertura social é aceptable' (16,5%), 'traballas en grupo, en equipo' (13,1%) e 'é un traballo sinxelo'


(11,3%). Con respecto ás diferenzas segundo a variable sexo, as mulleres opinan en maior medida que ‘me gusta moito’ (30,8%) e ‘a cobertura social é aceptable’ (16,5%), así como son as únicas que optaron por ‘gústame que sigan a tradición familiar’ (6,6%). En canto aos homes, inclináronse en maior proporción polos motivos de ‘é ao aire libre, en contacto coa natureza’ (52,4%), ‘é un traballo sinxelo’ (28,6%), ‘ingresos suficientes’ (23,8%) e ‘é un traballo saudable’ (19,1%).



Antigüidade laboral, representación dos ingresos no fogar e satisfacción co traballo de marisqueo a pé

En canto á antigüidade laboral das persoas enquisadas no marisqueo a pé, para ambos os sexos a media é de 12,7 anos, elevándose a 13,9 anos entre as mulleres, mentres que nos homes diminúe a 5,6 anos. Sabemos que, historicamente, foi unha actividade laboral moi feminizada, pero na segunda década do século xxi experimentou un cambio relevante na estrutura por sexo, no sentido de incorporarse máis homes á actividade do marisqueo a pé, por iso é polo que a media de idade é máis baixa entre eles.


Cantos anos levan cotizando á Seguridade Social como traballador/a na actividade do marisqueo a pé? Para ambos os sexos, a media na cotización é de 10,8 anos e, novamente, a antigüidade é maior entre as mulleres (11,7 anos) ca entre os homes (5,3 anos). Cómpre sinalar que, ata culminar o proceso de regulación e profesionalización que promoveu a Xunta de Galicia na última década do século xx, o marisqueo a pé era unha actividade que se desenvolvía xeralmente en condicións de economía informal, por iso as mulleres mostran unha diferenza relevante entre a media de anos traballados (13,9) e a media de anos cotizados (11,7), xa que elas son as que teñen maior antigüidade na actividade e, por tanto, é máis probable que traballasen na súa primeira etapa como marisqueadoras sen cotizar.



En canto á proporción que representaron os ingresos económicos que obtiveron o ano pasado con respecto ao total de ingresos nese mesmo ano do seu fogar ou unidade de convivencia, o 44% da mostra de ambos os sexos conseguiu do 25% ao 49% do total dos ingresos do fogar, resaltando en segundo lugar o 18,9% que gañou menos do 25% dos ingresos do seu fogar. Por conseguinte, dous terzos das persoas entrevistadas (62,9%) obtiveron o ano pasado unha cantidade de ingresos económicos que podemos cualificar como complementarios con respecto á fonte principal de ingresos do seu fogar. Ao introducir a variable sexo na análise, observamos que ese status de ingresos complementarios é máis frecuente entre as mulleres ca entre os homes: 66,4% sobre 41,7% que gañaron menos do 50% do total de ingresos do seu fogar. Seguramente sexa unha consecuencia da desigualdade de xénero: en xeral, as mulleres perciben remuneracións inferiores aos homes, tanto porque se ocupan en maior proporción en empregos a tempo parcial² -é o caso do marisqueo- como por traballar en maior medida en ramas de actividade

² Segundo a EPA (INE), en 2019 (media dos catro trimestres) e respecto da provincia de Pontevedra, o 24,3% das mulleres ocupadas traballaban a tempo parcial, unha Taxa de Parcialidade que se reduce ao 6,6% entre os homes. Fonte: Enquisa da Poboación Activa do INE (explotación estatística do IGE).


onde as remuneracións son máis baixas e tamén por acceder en bastante menor medida ca os homes aos postos de traballo mellor remunerados da xerarquía ocupacional (postos executivos e de dirección). En resumo, nos mercados de traballo, tanto no segmento primario como no secundario, existe unha clara ‘fenda salarial de xénero’ en prexuízo das mulleres ocupadas³. Neste contexto de desigualdade de xénero, o máis probable sexa que a muller empregada e casada, ou emparellada, cun home empregado perciba uns ingresos polo seu emprego inferiores aos que recibe a súa parella masculina. Lembremos que o 80% das mariscadoras a pé enquisadas están casadas (73,9%) ou emparelladas (6,1%).



3 Segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE), no ano 2017 e para o total de España, o salario anual máis frecuente nas mulleres (13.518,60 euros) representou o 77,2% do salario máis frecuente nos homes (17.501,50 euros). Se consideramos os salarios anuais con xornada a tempo completo, o salario da muller representaba no ano 2017 o 88,5% do salario do home. Na xornada a tempo parcial, a porcentaxe era do 92,3%. Para poñer de manifesto as diferenzas salariais de xénero, é necesario considerar o salario por hora e distinguir o tipo de xornada. No traballo a tempo completo, o salario por hora das mulleres (14,90 euros) no ano 2017 alcanzaba o 90,9% do salario por hora dos homes (16,40 euros). Ao considerar a xornada a tempo parcial, a porcentaxe anterior alcanza un valor do 850%. No ano 2017, a fenda salarial de xénero (non axustada ás características individuais) foi de 12,1 na xornada a tempo completo e de 15,9 na xornada a tempo parcial (datos provisionais).

Fonte: INE (2019). Salarios, ingresos, cohesión social. Mulleres e homes en España. Recuperado de: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPublicacion_C&cid=125992482288&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayou¶m1=PYSDetalleGratuitas¶m2=1259925408261¶m4=Mostrar


Pasemos a coñecer se a ocupación do marisqueo a pé se compaxina con outra actividade laboral ou profesional remunerada. O 93,1% das persoas entrevistadas só traballan de maneira remunerada no marisqueo a pé, unha proporción que é máis elevada entre as mulleres (94,6%) ca entre homes (85,4%). Que o marisqueo a pé sexa unha actividade laboral que non ocupe unha xornada laboral a tempo completo posibilita a realización, durante as horas libres, doutro traballo remunerado a tempo parcial, aínda que o pluriemprego pode ser debido a que o mariscador desexa ou precise máis ingresos que os achegados pola actividade do marisqueo a pé. Polo demais, a diferenza por sexo (14,6% de homes que si traballan noutra actividade remunerada fronte ao 4,6% de mulleres) pode ser unha consecuencia da desigualdade de xénero. Neste sentido, no primeiro apartado coñecemos que as mulleres teñen en maior proporción fillos/as e tamén outros familiares que dependen dos seus coidados en comparación cos homes, así como manifestaron en maior proporción que teñen dificultades para conciliar a súa vida familiar e laboral; en consecuencia, podemos pensar que, ao ser máis frecuente entre elas a situación de ‘dobre presenza’ ou ‘dobre traballo’ (Balbo, 1994), no marisqueo a pé e no traballo doméstico e de coidados, teñan máis limitacións para pluriempregarse se así o desexasen ou necesitasen.



Doutra banda, nunha escala de 1 a 10, as persoas entrevistadas tiñan que sinalar o seu grao de satisfacción con respecto ao traballo de marisqueo a pé, na que a puntuación 1 se identifica con totalmente satisfeito e a de 10 con moi satisfeito. Con relación a ambos os sexos, contestaron esta pregunta o 98,5% das persoas entrevistadas (329 de 334 persoas) e entre quen respondeu obtense unha media de satisfacción de 6,9 puntos, unha valoración media que é lixeiramente máis alta nos homes (7,2) en comparación coas mulleres (6,9). Por conseguinte, predomina unha apreciación de bastante satisfacción entre as persoas mariscadoras a pé con respecto ao seu traballo.


Coñezamos os motivos principais de satisfacción con respecto ao traballo de marisqueo. Primeiramente, as persoas mariscadoras satisfeitas representan o 82,3% de todas as persoas enquisadas (275 de 334 persoas). As súas respostas, sobre todo mencionan a flexibilidade da xornada de traballo e a súa compatibilidade con outras actividades, laborais e de lecer: 'é un traballo con horario flexible, que che permite facer outras cousas e ter tempo libre' (32%); un factor motivacional que se tende a relacionar nas súas respostas coa posibilidade de gozar de calidade de vida. Resalta en segundo lugar, pola súa relevancia porcentual, a motivación de 'gústame o que fago, é un bo traballo, é a miña profesión' (20,4%): aquí predomina a identificación positiva co que se fai, coa actividade mesma. A continuación, destacan dous motivos cunha importancia similar: 'é un traballo no que tes liberdade, autonomía laboral e non hai xefes' (16,7%) e 'é un traballo que me permite conciliar o emprego e a vida familiar' (16,7%). Despois, o feito de ser unha ocupación que se realiza directamente no medio natural mariño: 'é ao aire libre, coa natureza, gústame o mar' (14,6%). A remuneración económica tamén alcanza certa relevancia entre os motivos de satisfacción co seu traballo das persoas entrevistadas: 'obtés

uns ingresos que son suficientes para ou tempo que dedicas a traballar’ (9,1%). Por último, cabe mencionar, aínda que cunha representación reducida, a valoración sobre o carácter grupal-social do traballo, ‘gústame o traballo en equipo e o compañeirismo’ (4,4%). E, seguidamente, o ser un emprego da economía formal no que ‘cotizas á Seguridade Social’ (3,3%); neste caso quizais sexan mulleres con maior antigüidade no marisqueo, as cales teñen unha experiencia biográfica de traballar durante a súa mocidade e adultez de maneira informal, sen cotizar á Seguridade Social.



Con respecto aos motivos principais de satisfacción co traballo de marisqueo segundo sexan enunciados por mulleres ou homes, as maiores diferenzas segundo sexo obsérvanse nas tres motivacións seguintes: é un traballo que ‘me permite conciliar o emprego e a vida familiar’ (a porcentaxe feminina supera en 11,7 puntos a porcentaxe masculina), ‘gústame o que fago, é un bo traballo, é a miña

profesión’ (en 9,2 puntos excede a porcentaxe feminina á porcentaxe masculina) e ‘é ao aire libre, no contorno natural, gústame o mar’ (en 7,3 puntos destaca a porcentaxe feminina sobre a masculina). Así mesmo, as mariscadoras identifican en maior proporción ca os mariscadores o seu traballo con ‘tes liberdade, autonomía laboral e non hai xefes’ e ‘gañas uns ingresos que son suficientes para o tempo que dedicas a traballar’ (en ambos os casos, a porcentaxe feminina elévase en 4,7 puntos por riba da porcentaxe masculina).




En definitiva, as mulleres manifestan en maior proporción motivos de carácter estético-expresivo; é dicir, identifican con máis frecuencia o traballo de marisqueo a pé coas posibilidades subxectivas que lles ofrece para a autoexpresión, a autorrealización e a liberdade persoal, así como para entrar en contacto persoal coa natureza. Polo demais, ante a situación de ‘dobre traballo’ (marisqueo e traballo doméstico e de coidados) na que se desenvolven

na cotiandade a maioría das mulleres empregadas que teñen fillos/as menores ou outros familiares ao seu coidado, debido á desigualdade de xénero promovida pola ‘división sexual do traballo’ baseada nos valores, as identidades e as pautas de xénero da cultura patriarcal (Durán, Recio e Torns, 2013), as mariscadoras son tamén as que en maior proporción resaltan a facultade de conciliar os dous tipos de traballo que lles procura a actividade do marisqueo a pé. En xeral, diremos que as mariscadoras teñen unha concepción ‘máis ampla ca reducida’ do seu traballo-emprego, no sentido de que a súa actividade laboral lles achega máis recompensas intrínsecas ca extrínsecas. Isto é, a súa representación sobre o traballo de marisqueo vai máis aló da dimensión puramente instrumental: non só é un sustento económico ou unha fonte de status (Noguera, 2002).


Pasemos a indagar sobre os motivos principais da insatisfacción entre as persoas que manifestaron un grao de satisfacción co seu traballo inferior a 5 puntos: antes de nada, cómpre comentar que significaron o 16,2% das e dos mariscadores enquisados (54 de 334 persoas). Entre as persoas insatisfeitas co traballo de marisqueo que manifestaron un motivo (83,3% das insatisfeitas), domina con claridade o factor económico, no sentido de que obteñen ‘poucos ingresos’ (a remuneración é insuficiente, o prezo de venda é baixo): 59,3% do total das persoas insatisfeitas. En segundo lugar, resalta entre as persoas insatisfeitas ‘a falta ou escaseza de marisco’ (non hai recurso, falta mercadoría, escasea o produto), o cal foi enunciado polo 24,1%. En terceiro lugar, destacan entre as persoas insatisfeitas dous motivos relacionados co tipo de traballo: é un ‘traballo duro’ (11,1%) e ‘moito traballo’ (7,4%). Despois, as persoas mariscadoras a pé insatisfeitas mencionan as supostas ‘carencias de organización e xestión nas asociacións’ (7,4%) e o ‘furtivismo e a falta de vixilancia’ (5,6% das persoas). En resumo, entra as persoas insatisfeitas do-

mina unha concepción reducida do traballo, limitada ao seu valor instrumental, no sentido das recompensas extrínsecas que pode achegarlles (ingresos, status).




A formación profesional: adquirida, o grao de necesidade e a formación desexada

Ademais da certificación requirida oficialmente para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé (permex), o 24,9% das persoas entrevistadas teñen outra titulación ou cualificación profesional oficial relacionada co sector, unha porcentaxe afirmativa que é algo maior entre os homes (27,1%) ca entre as mulleres (24,3%).




Que titulación ou cualificación teñen, ademais da certificación do permex? Para ambos os sexos, e de maior a menor importancia relativa, en primeiro lugar destacan catro tipos de titulacións: mariñeiro/a ou pescador/a (38,6%), patrón/oa de embarcación e cualificacións similares (24,1%), manipulación de produtos pesqueiros e de alimentos (20,5%), e titulacións en modalidades de marisqueo diferentes á súa actividade de marisqueo a pé (18,1%). En segundo lugar, aínda que cunha significación porcentual visiblemente menor, resaltan dous tipos de cualificacións relacionadas co sector: habilidades sociais, resolución de conflitos no sector e titulacións similares (8,4%), e a capacitación en prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios (8,4%).




Doutra banda, ás persoas mariscadoras a pé preguntámoslles se nos últimos 5 anos realizaron algún curso de formación relacionado coa súa actividade de marisqueo, unha cuestión á que o 26,7% do total de ambos os sexos contestou de maneira afirmativa. En canto á variable sexo, a resposta afirmativa móstrase máis frecuente entre os homes ca entre mulleres: 35,4% sobre 25,4%. Unha consecuencia da ‘dobre presenza’ ou o ‘dobre traballo’ das mulleres cun menor ou outro familiar dependente ao seu coidado?: posiblemente pensemos que o ‘dobre traballo’ lles dificulta o feito de dispoñer de tempo libre para capacitarse profesionalmente. Pero tamén reflexionemos en que a idade inferior dos homes (43 anos) con respecto á das mulleres (49,7 anos) lles foi favorable para que dispoñan dun currículo formativo máis denso, xa que ao pertencer a unha xeración máis nova socializada en maior medida no valor da formación profesional a súa actitude tenderá a ser máis


positiva cara ás ofertas de cursos de formación profesional, como veremos despois.



Cal foi o curso de formación que realizaron no últimos cinco anos? Para ambos os sexos, e de maior a menor significación porcentual, en primeiro lugar destacan catro tipos de cursos entre as persoas entrevistadas que efectuaron algún curso: habilidades sociais, resolución de conflitos, traballo en equipo e similares (organización, empoderamento e liderado) cun 33,7%; os cursos de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios, cun 30,3%; os cursos sobre modalidades do marisqueo a pé, cun 27%, e os de manipulación de produtos pesqueiros e de alimentos (frescos, conxelados), cun 27%. En segunda orde de importancia aparecen os cursos de turismo mariñeiro, cun 16,9%, e os de cooperativismo e emprendemento, cun 14,6% das persoas entrevistadas. Despois, pero cunha significación claramente inferior, emerxen os cursos de prevención de enfermidades profesionais e similares, cun 7,9%, e os cursos de acuicultura e cultivos mariños, cun 5,6% das persoas entrevistadas que realizaron algún curso de formación nos últimos cinco anos.




Por outra banda, preguntamos ás persoas mariscadoras se os cursos de formación profesional son necesarios: para ambos os sexos, o 43,7% opinou que son bastante necesarios e un 24,9% que moi necesarios, sumando entre os dous graos de necesidade algo máis de dous terzos da mostra enquisada (68,6% do total). Esta opinión favorable aos cursos de formación profesional alcanza unha maior importancia relativa entre os homes (79,2%) ca entre as mulleres (66,8%).



Imos finalizar a análise da enquisa, interesámonos por coñecer as súas necesidades en formación profesional referidas aos cursos que lles gustaría realizar ou en que temas querían formarse. Respecto a ambos os sexos, e novamente de maior a menor importancia porcentual, entre as persoas que contestaron algún curso, en primeiro lugar, destacan tres tipos de cursos: modalidades de marisqueo a pé (32,7%), prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios (21,6%) e os cursos de bioloxía, ecoloxía e xestión sustentable dos recursos de marisqueo e do litoral (21% das persoas entrevistadas que sinalaron algún curso). Nun segundo nivel de importancia relativa, resaltan dous tipos de cursos: habilidades sociais, resolución de conflitos, traballo en equipo, organización, empoderamento e liderado (16,1%), e os cursos de acuicultura e de cultivos mariños (11,1%). En terceiro lugar, obsérvanse cinco tipos de cursos: Informática usuario/a, habilidades dixitais e páxinas web (8,6%); a puxa, venda, comercialización e distribución do marisco (7,4%); a xestión, contabilidade e administración das entidades do sector (6,2%) e os cursos de reparación e confección de redes (6,2%). E, en cuarto lugar, destacan dous tipos de cursos: natación (5,6%) e prevención de enfermidades profesionais e similares (4,9% das persoas enquisadas que mencionaron algún curso).

Gráfico 21. Que tipo de curso de formación lle gustaría realizar ou en que tema lle gustaría formarse?: % sobre total persoas, ambos os sexos, que mencionaron algún curso ou tema (Resposta múltiple)







Capítulo 5

INTRODUCCIÓN AO MARCO NORMATIVO DO MARISQUEO A PÉ

No presente capítulo preténdese realizar unha síntese da normativa específica referida ao marisqueo a pé en Galicia. Asemade, temos como obxectivo resaltar e comentar aqueles aspectos máis relevantes, máis polémicos ou simplemente aqueloutros que poden resultar de maior utilidade para o sector.

Xa que a Constitución española habilitou a Galicia para asumir competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, e o Estatuto de autonomía de Galicia materializou no ano 1981 esta facultade, desde entón son os distintos poderes autonómicos os que están configurando o marco normativo sobre as actividades de marisqueo a pé. Actualmente, é a Consellería do Mar o órgano da Xunta de Galicia encargado de desenvolver no plano normativo e administrativo as competencias nesta materia.

A Consellería do Mar, no seu portal web¹, dispón dunha compilación da normativa vixente sobre asuntos maríti-

¹ <https://mar.xunta.gal/gl/a-conselleria/normativa>

mos. Co obxectivo de que o/a lector/a poida acceder con facilidade á normativa aquí exposta, imos manter dentro do posible a mesma estrutura temática que figura no citado portal web, tal e como a continuación expoñemos:

- Disposicións xerais
- Permisos de explotación
- Marisqueo, extracción de algas e recursos específicos
- Artes e aparellos
- Confrarías de pescadores

Disposicións xerais sobre pesca e marisqueo

Neste apartado inclúense as normas que regulan os aspectos que afectan de xeito xeral o sector marítimo pesqueiro e que, por tanto, inclúen prescricións relativas a distintas actividades, entre elas o marisqueo a pé, a saber:

- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia (modificada pola Lei 1/2009, do 15 de xuño; e a Lei 6/2009 do 11 de decembro).
- Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na comunidade autónoma de Galicia.

A Lei 11/2008 é a disposición autonómica principal e de máis alto rango que regula a pesca, o marisqueo e outros asuntos relacionados. No seu preámbulo, empeza recoñecendo que a pesca é considerada polo Goberno de Galicia como un sector estratéxico, tanto polo seu peso económico como pola súa dimensión social. Di tamén que o Goberno galego ten que lle dar resposta a unha serie de retos, tales como frear as desigualdades entre as persoas, mellorar a condición de vida e de traballo das persoas que practican estas actividades, ao mesmo tempo que se procura a sustentabilidade da pesca e do marisqueo. Outro dos compromisos deste texto legal é fomentar a participación da muller na toma de decisións dentro das organizacións do sector.

A lei de pesca de Galicia esténdese ao longo de doce títulos; o primeiro deles regula as disposicións xerais e establece que a finalidade da política pesqueira de Galicia vai ser a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e o traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos, baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos

ambientais, económicos e sociais. Por esta razón, a lei vai incidir de xeito especial en aspectos como a protección e a conservación, así como a potenciación do emprego e o nivel de vida das persoas profesionais do sector. Tamén fai énfase na integración da perspectiva de xénero na aplicación do principio de igualdade; tentará desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, e potenciará a investigación e a innovación no sector, ademais de fomentar a cooperación entre os científicos e o sector, entre outros fins.

Así mesmo, a lei de pesca establece unha serie de definicións de interese para a actividade marisqueira, como as seguintes:

- Plans de xestión anuais ou plurianuais: medidas reguladoras da actividade pesqueira aplicadas nun período de tempo determinado e dirixidas a especies que se atopen dentro dos límites biolóxicos de seguranza. Estes plans poderán incluír limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro, así como medidas técnicas e doutra clase adaptadas ás circunstancias.
- Primeira venda: enténdese por primeira venda aquela transacción comercial que se realiza por primeira vez dentro do territorio da Unión Europea e na cal se acredite documentalmente o prezo do produto, conforme á normativa sobre comercialización e identificación.
- Produtores de base: as persoas que teñan outorgada habilitación administrativa para a extracción dos recursos pesqueiros mediante a pesca ou o marisqueo, ou para exercer a acuicultura.
- Recursos específicos: as especies marisqueiras que polas súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou polas especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda estas particularidades.

- Repoboacións mariñas: solta deliberada ao medio natural de organismos mariños producidos en criadeiro e sementeiro, con distintos fins, entre os que se inclúen a recuperación de stocks sobreexplotados ou extinguidos, o incremento da produción pesqueira de distintas especies e a sementeira de exemplares en áreas mariñas para o seu cultivo.
- Reservas mariñas: son aquelas zonas de especial interese para a preservación e a rexeneración dos recursos mariños pola súa condición de áreas de reprodución, desova, cría ou engorde de especies de interese pesqueiro ou marisqueiro.
- Sector: parte da economía que inclúe todas as actividades de extracción, cultivo, produción, manipulación, transformación e comercialización dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.
- Semicultivo mariño: a actividade exercida sobre un banco natural ou unha parte del que, por medios técnicos ou científicos, logra aumentar a súa produción en relación coa que se obtería no banco en condicións naturais.

O título IV da lei de pesca está dedicado ao marisqueo, que o define como o exercicio da actividade extractiva, desenvolvida a pé ou desde embarcación, na zona marítima ou marítimo-terrestre, dirixida de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas á captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, co obxectivo de comercializalos.

A lei clasifica as zonas de explotación marisqueira en tres tipos: a) Zonas de libre marisqueo: bancos naturais cuxa explotación non está suxeita a unha autorización ou concesión administrativa. b) Zonas de autorización marisqueira: bancos naturais ou porcións deles cuxa explotación se outorga en uso privativo normal a título precario para a

súa explotación en réxime de exclusividade. c) Zonas de concesión marisqueira: bancos naturais ou porcións deles cuxa explotación se outorga en uso privativo anormal que implique o dereito a ocupación, uso ou gozo en réxime temporal.

En relación co exercicio do marisqueo, en zona de autorización marisqueira ou de libre marisqueo, a lei di que é preceptivo estar en posesión dunha licenza; a cal pode ser de marisqueo a pé, ou ben para marisqueo desde embarcación. A licenza de marisqueo a pé será expedida a nome dunha persoa física a título individual e intransferible. Para a súa obtención requírirase dispor da cualificación profesional correspondente.

O título VII versa sobre os axentes do sector pesqueiro, e di que as entidades representativas do sector pesqueiro son as seguintes: as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector, as organizacións sindicais de profesionais do sector, as asociacións de pesca marítima e náutica de recreo e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector.

Así mesmo, define as confrarías de pescadores como corporacións de dereito público, sen ánimo de lucro, dotadas con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Di que as confrarías estarán integradas polas persoas armadoras e propietarias das embarcacións de pesca, os traballadores e as traballadoras do sector pesqueiro extractivo e as persoas posuidoras dun título administrativo que habilita para o exercicio do marisqueo.

O título VIII da lei de pesca versa sobre a comercialización, a transformación e a promoción dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura. Di que a comercialización pode ser de dous tipos: a) comercialización en orixe, que

comprende o desembarque, transporte e primeira venda dos produtos; b) comercialización en destino, que comprende o proceso seguido polos produtos pesqueiros desde que se realizou a súa primeira venda ata o seu consumo final.

O título IX, ademais doutros temas relacionados co desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, fala do turismo mariñeiro, que o define como as actividades desenvolvidas polos colectivos de profesionais do mar, mediante contraprestación económica, orientadas á valorización e á difusión do seu traballo no medio mariño así como dos costumes, das tradicións, do patrimonio e da cultura mariñeira; sendo estas actividades complementarias ás actividades propias dos colectivos de profesionais do mar.

No título XI, que versa sobre a formación marítimo-pesqueira, a lei di que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para o fomento da formación, a capacitación e a reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores, así como daquelas persoas que poidan demandar a prestación formativa. En particular, promoverá todo tipo de actividades formativas mediante a colaboración, a cooperación e a coordinación entre organismos e entidades competentes en materia de pesca, educación e seguranza no traballo, entre as que se inclúen as confrarías de pescadores e as súas federacións. Neste sentido, establece que as actuacións formativas se adaptarán ás necesidades de reciclaxe demandadas polo sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Tamén se adoptarán as medidas que favorezan o acceso efectivo das mulleres aos estudos oficiais, regrados e de perfeccionamento e de reciclaxe profesional, conducentes ás titulacións e ás capacitacións académicas e profesionais que permitan a inserción e a promoción laboral no sector da pesca.

O título XIV, que trata do réxime sancionador, tipifica as infraccións en leves, graves e moi graves.

As infraccións graves en materia de marisqueo poderán ser sancionadas con multas que oscilan entre os 151 € aos 30.000 €. Considéranse infraccións graves, entre outras, as seguintes:

- O exercicio da actividade extractiva sen a licenza.
- A utilización para a captura de especies mariñas de equipos de respiración autónoma ou doutro tipo de equipos submarinos non autorizados.
- A infracción das normas relativas aos límites de captura regulamentariamente establecidos.
- O exercicio da actividade extractiva en fondos ou zonas prohibidas ou non autorizadas. Non respectar os días ou os horarios establecidos para a actividade extractiva.
- Realizar faenas de pesca sen acender ningunha das luces regulamentarias ou acender luces diferentes das que corresponden ao tipo de pesca que se realice.
- Impedir ou obstaculizar indebidamente a actividade pesqueira ou marisqueira.

As infraccións moi graves en materia de pesca profesional e marisqueo, que poderán ser sancionadas con multas desde 30.000 € a 150.000€, son as seguintes:

- A comisión dunha terceira infracción grave nesta materia nun período de dous anos.
- O emprego de armas ou substancias velenosas, corrosivas, explosivas, paralizantes, soporíferas ou contaminantes nos labores de pesca ou marisqueo, e mais a súa tenza ou transporte.
- A explotación de recursos mariños en bancos naturais sen contar coa preceptiva autorización administrativa.
- Exercer faenas de pesca profesional sen estar incluído nos censos establecidos regulamentariamente.

- O emprego en faenas de pesca ou de marisqueo de artes ou métodos de arrastre, agás nos casos regulamentados.
- A extracción, a posesión, o transporte ou a comercialización de especies mariñas procedentes de zonas de produción pechadas por motivos de seguranza alimentaria ou hixiénico-sanitarios.
- A introdución en augas do litoral da comunidade autónoma galega, sen cumprir os requisitos que regulamentariamente se determinen, de especies ou individuos alóctonos (que non son orixinarios do lugar) ou daqueles dos que a súa introdución poña en perigo a clasificación sanitaria do lugar onde se efectúe.

En materia de marisqueo, tamén é moi importante coñecer a normativa relativa aos tamaños mínimos dos distintos produtos, para o cal debemos consultar a Orde do 27 de xullo de 2012.

Esta orde contén unha serie de anexos, sendo o anexo I-B o que recolle o tamaño mínimo dos moluscos. Porén, no caso dos moluscos bivalvos e gasterópodos permítese incluír, en cada lote, ata un 10% do peso total de individuos non regulamentario.

Así mesmo, o anexo II-B desa orde establece a maneira de medir os distintos produtos.

Permisos de explotación

A normativa relativa aos permisos de explotación está encabezada polo Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira. Con posterioridade fóronse publicando outras normas, quedando a temática dos permisos de explotación regulada deste xeito:

- Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira (modificado polo Decreto 114/2007, do 31 de maio).
- Orde do 8 de novembro de 2000 pola que se regula a obtención dos certificados de cualificación necesarios para optar aos permisos de explotación de mariscador a pé e de recursos específicos.
- Orde do 31 de maio de 1995 pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira (derogada parcialmente pola Orde do 15 de xullo de 2011).
- Orde do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

A principios da década dos anos noventa os recursos marisqueiros en augas de Galicia estaban ameazados pola sobreexplotación. As novas circunstancias económicas e sociais que tiveron lugar a partir dos anos oitenta, a constante suba dos prezos dos produtos, xunto co acceso aberto ao recurso, estaban xerando un conxunto de ineficacias económicas, ademais dun elevado risco de sobreexplotación dos recursos marisqueiros.

Así pois, xorde a necesidade de establecer unha habilitación administrativa que favoreza unha xestión axeitada do recurso, distribuíndo os medios humanos e materiais de

tal xeito que favoreza a explotación dos recursos aos niveis correctos, á vez que se procura a consecución de niveis de renda dignos para os produtores.

O Decreto 425/1993 di que o permiso de explotación para o marisqueo a pé é a habilitación necesaria para exercer a actividade nas zonas marítimo-terrestres de libre marisqueo e nas zonas de autorización ou concesión administrativa. Os permisos de explotación serán solicitados polo interesado nas delegacións territoriais da consellería ou a través das confrarías de pescadores ou calquera outra entidade asociativa do sector.

O permiso de explotación para o marisqueo a pé será persoal e intransferible, outorgarase por un período de cinco anos e revalidarase anualmente.

Para obter o citado permiso, o solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos: realizar de forma habitual e como medio fundamental de vida os labores de marisqueo, sen prexuízo de que estes se compaxinen con outras actividades de explotación do mar; estar empadroadado nun municipio do litoral de Galicia; ter o certificado de mariscador; ser maior de 18 anos ou menor emancipado e non ser maior de 65 anos; non ser pensionista ou non estar incapacitado para exercer os labores de marisqueo.

O permiso de explotación para recursos específicos estará condicionado a previa inscrición do seu titular no plan de explotación específico regulamentariamente establecido.

A revalidación do permiso de explotación requirirá acreditar ter realizado unha actividade extractiva suficiente, ter remitidos os datos de extracción á unidade estatística da consellería e ter realizada a correspondente declaración a Facenda.

A Orde do 8 de novembro de 2000 regula a obtención dos certificados de cualificación necesarios para optar aos permisos de explotación de mariscador a pé e de recursos

específicos. Neste sentido di que para obter o certificado de cualificación para o exercicio do marisqueo a pé (certificado de mariscador), da extracción de percebe (certificado de percebeiro), ou da extracción de recursos mariños mediante técnicas de mergullo (certificado de mariscador a mergullo), os aspirantes deberán asistir con regularidade aos cursos de formación que se impartan e superar as probas de avaliación que se realicen, consonte o regulado no anexo I desa orde.

Os aspirantes a participar nos cursos acreditarán documentalmente que son maiores de 16 anos e teñen rematada a escolarización obrigatoria. Aos aspirantes que superen esas probas seralles emitida a correspondente certificación acreditativa.

O permiso de explotación para o marisqueo a pé está extensamente regulado pola **Orde do 15 de xullo de 2011**, que derroga o capítulo II relativo ao permiso de explotación para o marisqueo a pé anteriormente regulado pola Orde do 31 de maio de 1995. Con todo, desta última orde aínda está en vigor o capítulo III, relativo ao permiso de explotación a pé con utilización dunha embarcación auxiliar; o capítulo IV, relativo ao permiso de explotación para recursos específicos, e o capítulo I, relativo ao permiso de explotación para embarcacións.

Desde mediados da década dos 90, o sector de marisqueo a pé sufriu unha importante transformación, pasando de ser unha actividade individual e meramente extractiva a outra organizada. Desde entón, realízanse traballos complementarios, como o traslado de semente, limpeza de bancos marisqueiros, actividades de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros. Por esta razón, a **Orde do 15 de xullo de 2011** recolle e promove estes importantes cambios producidos nos labores de marisqueo.

A realización destes traballos complementarios, que figuran na maioría dos plans de explotación de marisqueo a pé, xunto coas normas que regulan a explotación, é fundamental para acadar unha explotación sustentable dos bancos marisqueiros. As organizacións que planifican e desenvolven estes traballos precisan da colaboración e do compromiso das mariscadoras e dos mariscadores para a súa realización. Por este motivo, esta orde considera necesario esixir ter realizada unha actividade suficiente para poder renovar o permiso de explotación a pé, de xeito que se computen a asistencia e a participación nestes labores para a continuidade da vixencia desta habilitación.

Ademais, dado que as mulleres conforman a inmensa maioría do sector do marisqueo a pé e que, a pesar da progresiva incorporación das mulleres ao ámbito laboral, a división das tarefas segue levándose a cabo en función do xénero. Esta orde considera necesario establecer medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral para este colectivo laboral, de xeito que se introduce a figura da suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación.

Tamén, e co obxecto de facilitar a incorporación de mozos, así como persoas en risco de exclusión social, a Consellería do Mar poderá reservar ata un máximo do 10% das prazas ofertadas a estes colectivos.

Os criterios que se utilizarán para valorar as solicitudes de permisos de explotación presentadas serán os seguintes: a) Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego; b) Formación; c) Estar empadroadado nun concello do ámbito da confraría de pescadores ou entidade asociativa, titulares do plan de explotación en que está prevista a incorporación.

A renovación do permiso, que se realizará anualmente, requirirá acreditar ter realizada actividade suficiente, entendendo como tal aquela que se fai de xeito efectivo

durante un mínimo do 70% dos días que foron efectivos dos autorizados para a extracción dentro do plan de xestión da confraría ou entidade; e o 95% dos días efectivos dos autorizados dentro do plan de xestión da confraría ou entidade para o traslado de semente, a limpeza de bancos marisqueiros, as actividades de semicultivo necesarias para a mellora da produción, así como os traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros que foron autorizados con carácter xeral no marco do plan de xestión. Os días empregados nas actividades anteriores computarán para os efectos de renovación do permiso de explotación, sempre que así estea recollido no plan de xestión aprobado.

Ademais, para calcular as porcentaxes descontarase do período efectivo e autorizado o tempo durante o cal a persoa titular permanecese inactiva por causa de forza maior debidamente xustificada, por ter recoñecidos dereitos pola Seguridade Social por ser vítima de violencia de xénero e por atoparse nalgunha das seguintes situacións protexidas pola Seguridade Social: incapacidade temporal, maternidade ou paternidade, nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.

Co obxecto de promover a igualdade real entre mulleres e homes mediante a inclusión de medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a Consellería do Mar poderá acordar a suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación ás persoas titulares destes, nos supostos de coidado dun fillo ou dunha filla ata un período máximo de tres anos, por coidado dun familiar ata o segundo grao de afinidade ou consanguinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou incapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, ata un período dun ano prorrogable mentres se manteña a mesma situación.

A consellería tamén poderá acordar a suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación ás vítimas de violencia de xénero que se ven na necesidade de abandonar a súa actividade laboral para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

Ademais, a consellería poderá acordar a suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación cando a persoa titular do permiso de explotación estea en situación de incapacidade permanente total ou incapacidade permanente absoluta e que, en ambos os casos, sexa de carácter revisable. Neste suposto, a suspensión poderá outorgarse por un período máximo dun ano contado desde a data de resolución da incapacidade, prorrogable por un período igual, ata un máximo de dous anos; ou ben ter recoñecido o dereito á acción protectora por cesamento de actividade, de conformidade coa Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos. A suspensión outorgarase polo período de duración do dereito.

As persoas interesadas en solicitar a suspensión temporal do permiso de explotación dirixirán as súas solicitudes á xefatura territorial da consellería, a cal esixirá que o solicitante cumpra as seguintes condicións: a) No caso de cesamento temporal para conciliar a vida persoal, familiar e laboral é preciso que teña polo menos un ano de antigüidade como titular dun permiso de explotación para marisqueo a pé. b) Non ter actividade laboral retribuída. c) Estar ao día coas obrigas que poida ter como membro da entidade a que está asociada ou da agrupación en que estea integrada.

Marisqueo, extracción de algas e recursos específicos

A normativa máis destacada que especificamente regula a actividade de marisqueo é a seguinte:

- Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
- Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

No seu preámbulo, o Decreto 153/2019 di que desde os anos noventa a explotación dos recursos marisqueiros e das algas en Galicia se organizou principalmente a través de plans de explotación anuais, mediante un sistema de coxestión entre a Administración e o sector. Os plans de explotación, xunto cos permisos de explotación e a organización do sector arredor de agrupacións sectoriais das confrarías de pescadores, conformaron os piares para a importante transformación do sector marisqueiro. Dentro desta evolución cómpre destacar o proceso de profesionalización das persoas mariscadoras a pé, que deu lugar á conformación dun sector produtivo que na actualidade contribúe de forma salientable á creación de emprego e ao desenvolvemento sustentable nas zonas costeiras de Galicia.

Paralelamente á consolidación dos plans como a ferramenta fundamental de xestión da explotación, na última década foi revelándose a importancia da interdependencia da actividade marisqueira co estado ambiental do medio mariño, na medida en que o estado das poboacións dos recursos marisqueiros e das algas depende do estado do medio, á vez que a propia actividade contribúe ao mantemento das condicións do hábitat e da biodiversidade.

Asemade, esa estreita relación entre a conservación do medio mariño e a actividade marisqueira asegura que o

marisqueo se axuste a unha perspectiva ambiental sistémica, xa que a metodoloxía artesanal con que se exerce mantén ou mellora a biodiversidade no litoral, fomenta o uso axeitado do territorio, contribúe á minoración do cambio climático e permite que as zonas en que se desenvolve se axusten ao concepto de infraestrutura verde.

Este decreto trata un novo concepto de plans de xestión que vai incluír obxectivos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais a tres anos, niveis de referencia e indicadores para o seu seguimento. Os plans de xestión manterán o enfoque baseado na coxestión e goberno dos recursos, coa participación do sector produtor do marisqueo na súa elaboración e na asunción de responsabilidades na xestión sustentable dos recursos.

O grao de organización do sector marisqueiro, o persoal técnico de que dispón e o seguimento polo persoal técnico da Administración propicia que non todas as actividades do marisqueo requiran de autorización previa para o seu desenvolvemento. As limpezas de algas ou elementos prexudiciais para o medio mariño, que son necesarias para evitar efectos negativos nos recursos, só requirirán de comunicación previa á Administración para poder realizarse.

Outra das novidades deste decreto é que dentro das actividades de marisqueo que se poden recoller nun plan de xestión se inclúe a realización de turismo mariño por parte das persoas mariscadoras.

Este decreto dá unha serie de definicións, entre as que destacamos as seguintes:

- Recursos marisqueiros xerais: especies de moluscos bivalvos e moluscos gasterópodos, non incluídos na categoría de recursos específicos.
- Plan de xestión de marisqueo: instrumento que establece un marco plurianual de medidas reguladoras da activi-

dade marisqueira que ten por obxecto desenvolver unha explotación sustentable dos recursos, e que terá en conta aspectos de carácter ambiental, social e económico. Os plans regularán medidas técnicas, horarios, réxime de uso das artes de marisqueo e, de ser o caso, limitacións de capturas, e capacidade e esforzo pesqueiro.

- Entidade de interese colectivo: calquera fórmula asociativa con independencia do réxime xurídico de constitución ou suxeición, constituída por produtores de base de marisqueo e organizacións formadas por estas entidades, cando teñan por obxecto desenvolver actividades consideradas neste decreto.
- Stock saudable: stock dun recurso marisqueiro cuxa poboación presenta unha distribución de idades e tamaños equilibrada, e que se atopa dentro duns límites biolóxicos seguros que garanten a continuidade no tempo da actividade marisqueira e da poboación.
- Obxectivos xerais do plan de xestión de marisqueo: obxectivos globais a que se aspira na actividade de marisqueo a través do plan, tanto no plano biolóxico e ecolóxico das poboacións explotadas e do seu hábitat, como nos ámbitos social e económico das persoas relacionadas coa explotación dos recursos.
- Obxectivos operacionais do plan de xestión de marisqueo: obxectivos precisos nos cales se concretan os obxectivos xerais, e que serán medibles, realistas e susceptibles de ser sometidos a seguimento a medio prazo.
- Estratexias de actuación: métodos, procedementos ou actuacións que se porán en marcha para acadar os obxectivos operacionais establecidos.
- Infraestrutura verde: rede estratexicamente planificada de zonas naturais e seminaturais de alta calidade con outros elementos ambientais, deseñada e xestionada para proporcionar un amplo abano de servizos ecosistémicos e protexer a biodiversidade.

O decreto determina que toda actividade de marisqueo de recursos xerais se realizará ao abeiro de plans de xestión ou en zonas de libre marisqueo no marco do Plan xeral de explotación marisqueira. Os plans de xestión poderán incluír as seguintes actividades de marisqueo: labores extractivos e do seu control, actividades de semicultivo, actividades de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, e actividades de turismo mariñeiro realizadas polas persoas mariscadoras.

Esta norma define o Plan xeral de explotación marisqueira como o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a conservación e explotación sustentable dos recursos marisqueiros xerais durante un período de tres anos. Este Plan xeral estará integrado por: a) Plans de xestión para autorizacións marisqueiras. b) Plans específicos de xestión para zonas de libre marisqueo. c) Normas de explotación para zonas de libre marisqueo.

Cando a explotación dun banco natural de libre marisqueo sexa susceptible de mellora significativa, a consellería autorizará o aproveitamento exclusivo polas entidades de interese colectivo das zonas de libre marisqueo mediante un plan específico de xestión. Por mellora significativa enténdese a aplicación de medidas de conservación, entre as cales poden incluírse o establecemento de puntos de control da actividade extractiva, implementación de actividades de semicultivo ou o control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, para conseguir un aumento da produción.

O decreto define que as modalidades de explotación de recursos específicos son o percebe, os equinodermos, solénidos, peneira, anémones e poliquetos.

A explotación de percebe realizarase no marco dos plans de xestión propostos polas entidades de interese colectivo dentro do seu ámbito territorial. Non obstante, se os proponentes fosen titulares dunha autorización de explo-

tación deste recurso, a proposta do plan de xestión incluírá a zona de autorización, podendo superar o seu ámbito territorial.

Tamén poderá presentarse unha proposta de plan de xestión cuxa zona de produción comprenda parte do ámbito territorial doutra entidade, logo de autorización desta. Os plans de xestión de percebe poderán reservar zonas para a extracción de semente de mexillón.

Por outra banda, a xestión e conservación das algas realizarase conforme o regulado para os recursos específicos, e a súa explotación levarase a cabo a través dos plans de xestión previstos para estes recursos. A explotación de algas realizarase no marco dos plans de xestión propostos polas entidades de interese colectivo, ou empresas de transformación ou comercialización de algas.

As entidades de interese colectivo terán acceso preferente á conservación e explotación sustentable das algas, no marco dos plans de xestión. A extracción de argazos realizarase libremente durante todo o ano e non requirirá autorización da consellería cando se realice de modo non intensivo.

Os plans de xestión de marisqueo conterán medidas de conservación e explotación dos recursos durante un período de tres anos e incluírán obxectivos xerais e obxectivos operacionais con niveis de referencia e indicadores para o seguimento. Os obxectivos xerais e operacionais englobarán obxectivos biolóxicos e ecolóxicos relacionados co uso sustentable e a longo prazo dos recursos marisqueiros, xunto con outros de carácter social e económico. Os plans de explotación terán unha perspectiva sistémica, na medida en que contribúan a mellorar a biodiversidade, fomenten o uso axeitado do territorio, inclúan medidas de adaptación ao cambio climático e se axusten ao concepto de infraestrutura verde.

Os plans de xestión establecerán o número máximo de persoas ou embarcacións participantes. Cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido.

As propostas dos plans de xestión de recursos marisqueiros xerais serán presentadas polas entidades interesadas ante a dirección xeral competente en materia de marisqueo antes do 1 de novembro, e os plans de xestión de recursos específicos antes do 1 de outubro dos anos anteriores ao de inicio dos plans plurianuais.

Non obstante, as entidades de interese colectivo do sector produtor do marisqueo poderán presentar propostas de plans de xestión para un período inferior a tres anos para recursos, ámbitos zonais ou útiles, equipos e técnicas de marisqueo regulamentarios, diferentes aos plans de xestión trianuais aprobados. Os plans de nova incorporación permitirán determinar a viabilidade da explotación antes da súa aprobación como plan de xestión trianual.

As xefaturas territoriais autorizarán o desenvolvemento das actividades de marisqueo dos plans de xestión, logo de petición da entidade titular do plan, e polo tempo establecido nas resolucións de autorización. As seguintes actividades contempladas nos plans de xestión poderán realizarse todos os días do ano:

- Rareos e o traslado de semente, as sementeiras, así como outras actividades de semicultivo necesarias para a mellora de produción ou de recuperación de zonas, malia que requirirán de autorización da xefatura territorial correspondente.
- Traballos de limpeza dos bancos marisqueiros realizados polas persoas mariscadoras, malia que requi-

rirán de comunicación previa á xefatura territorial correspondente e á subdirección xeral de gardacostas de Galicia.

- Traballos ou actividades de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.
- As actividades de turismo mariñeiro realizadas polas persoas mariscadoras.

As xefaturas territoriais poderán adaptar medidas para favorecer o cumprimento dos obxectivos dos plans, logo de consultar coas entidades titulares destes, e tamén por iniciativa das entidades titulares dos plans de xestión poderán acordar as adaptacións que potencien o desenvolvemento dos plans e a consecución dos obxectivos.

En relación coa renovación dos permisos de explotación, este decreto establece que os días dedicados polas persoas mariscadoras ao turismo mariñeiro, ou ben aos rareos, traslados, sementeiras, limpeza e outros traballos de semicultivo necesarios para a mellora da produción e recuperación de zonas, e ás actividades de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, poderán computar para a renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo sempre que así se recolla no plan de xestión aprobado.

Po outra banda, temos a **Orde do 30 de decembro de 2015** que regula a explotación de recursos específicos. Os recursos específicos son aquelas especies marisqueiras que, polas súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou polas especificidades da súa comercialización, requiren un sistema de xestión que atenda estas particularidades. Aos efectos desta orde, intégranse na categoría de recursos específicos os percebeos, os equinodermos, os solénidos, as algas, as peneiras, as anémones e os poliquetos.

A explotación de recursos específicos, tanto en autorizacións como en zonas de libre marisqueo, só poderá realizarse ao abeiro dun plan de xestión. Poderán exercer a explotación a pé as persoas que estean en posesión dun permiso de explotación a pé para recursos específicos e participen nun plan de xestión para este tipo de recursos. En certas circunstancias, poderá autorizarse a explotación a pé de recursos específicos como complementaria para persoas xa habilitadas para o exercicio do marisqueo a pé ou viceversa.

Para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos, a persoa solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos: a) Estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. b) Estar en posesión da certificación profesional correspondente. c) Ser maior de 18 anos ou menor emancipada, e non superar a idade esixida para ter dereito á pensión de xubilación. d) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo. e) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptora da renda de integración social de Galicia.

Esta orde tamén regula os requisitos para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, así como os criterios que se deben ter en conta nos procesos de selección, e que sendo moi similares aos expostos para o marisqueo xeral a pé non imos reproducir aquí, para evitar reiteracións.

En canto aos requisitos para obter a renovación do permiso de explotación a pé, esta orde establece que, ademais de cumprir as prescricións específicas contidas no plan de xestión, se deberá ter realizada actividade suficiente, entendendo como tal aquela que se fai de modo efectivo durante un mínimo do 70% dos días que foron efectivos dos autorizados para a extracción dentro do plan de xestión

da entidade, e o 95% dos días efectivos dos autorizados dentro do plan de xestión da entidade para as actividades de semicultivo necesarias para a mellora da produción; así como dos traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros que foron autorizados con carácter xeral no marco do plan. Os días empregados nas actividades anteriores computaranse para os efectos de renovación do permiso de explotación, sempre que así estea recollido no plan de xestión aprobado.

Ademais, para os efectos de calcular as anteditas porcentaxes, descontarase do período efectivo e autorizado o tempo durante o cal a persoa titular permanecese inactiva por causa de forza maior debidamente xustificada, por ter recoñecidos dereitos pola Seguridade Social por ser vítima de violencia de xénero e por atoparse nalgunha das seguintes situacións amparadas pola Seguridade Social: incapacidade temporal, maternidade ou paternidade, por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural. E no caso dos/as patróns/oas maiores, presidentes/as das agrupacións sectoriais e presidentes/as das federacións de confrarías, considerarase causa xustificada de inactividade o período de tempo empregado nos labores de representación, cando coincida co día de actividade de marisqueo. No caso do percebe, non se computarán como días de actividade efectiva aqueles en que se acredite que traballaron menos do 15% das persoas con permiso de explotación para percebe a pé.

De xeito similar ao exposto para o marisqueo xeral a pé, esta orde establece os supostos e procedementos para que as persoas mariscadoras teñan dereito a unha suspensión temporal para os casos de conciliación da vida persoal e laboral, situacións de violencia de xénero, así como outros supostos de suspensión temporal.

Artes e aparellos

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, é o que regula as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da comunidade autónoma de Galicia.

No seu preámbulo, este decreto di que a pesca e o marisqueo, como actividades profesionais que son, teñen unha importante vertente social, constitúen unha fonte vital de alimentos, emprego, expansión, comercio e benestar económico para as poboacións, tanto para as xeracións de hoxe como para as futuras polo que, na súa regulación, se deben adoptar medidas que garantan o benestar das comunidades pesqueiras.

A pesca a pequena escala contribúe de xeito efectivo a fornecer de medios de vida as comunidades pesqueiras, é resistente ás crises e contribúe notablemente á seguridade alimentaria. Hoxe é recoñecida a importancia de que, ademais da eficiencia económica, se procuren outros beneficios sociais. Este sector, dada a súa descentralización económica desde o punto de vista xeográfico, contribúe tamén a conservar a herdanza cultural e a fomentar o coñecemento ambiental.

O novo panorama normativo da pesca galega, xunto coa política común pesqueira, e tendo en conta toda a experiencia acumulada, tanto polos propios profesionais do sector como pola comunidade científica, e os cambios derivados da propia evolución do sector pesqueiro e marisqueiro, fan preciso desenvolver e reformar a normativa que desenvolve as artes e aparellos de pesca en Galicia.

Este decreto regula a utilización e características técnicas das artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da comunida-

de autónoma de Galicia. Así pois, esta norma define de forma taxativa as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos. Ademais, tamén di que mediante plans experimentais se poderán autorizar outras artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas diferentes aos contemplados na norma.

Os útiles e aparellos autorizados para o marisqueo a pé están regulados no artigo 146 deste decreto e son os seguintes: a) Sachos, angazos, fouces, *ganchelos* e calquera outra ferramenta manual que permita remover o sedimento superficial para recoller coas mans os moluscos bivalvos, ademais da rañica ou gancha a pé e a forquita. b) Rañica ou gancha a pé: é un raño de pequenas dimensións con lonxitude máxima dos dentes de 15 centímetros e separación mínima entre varelas de 17 milímetros. c) Forquita: consiste nunha platina metálica á cal se unen numerosos dentes lixeiramente curvados. Esta arte mánxase mediante dous mangos dispostos de xeito que forman un ángulo case recto. Terá unha lonxitude máxima dos dentes de 34 centímetros e unha separación mínima entre eles de 12 milímetros. d) Coitelos e rasquetas utilizaranse para a extracción de moluscos gasterópodos.

O horario de traballo de marisqueo a pé será desde dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, tendo como tope as 18.00 horas.

O artigo 158 e seguintes regulan os útiles, equipos e técnicas de marisqueo para recursos específicos e conteñen instrucións determinadas para o percebe, o ourizo de mar, as navallas e os longueiróns, os poliquetos e as algas.

Confrarías de pescadores

A normativa autonómica que regula as confrarías de mariscadores e as súas federacións é a seguinte:

- Lei 9/1993, do 8 de xullo de confrarías de pescadores de Galicia.
- Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións.
- Orde do 29 de abril de 2014 pola que se regulan as eleccións para a renovación dos órganos reitores de confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións.

A Lei 9/1993 do 8 de xullo de confrarías de pescadores de Galicia no seu preámbulo di que as confrarías de pescadores son institucións con fonda tradición histórica en Galicia, ata o punto de que os primeiros antecedentes se remontan ao século XIII, cando aparece a Irmandade das Vilas e Marismas dos Reinos de Asturias e Galicia. Estas entidades pasaron desde aquela por diferentes vicisitudes que as fixeron evolucionar ao longo do tempo para se adaptaren ás necesidades tanto económicas como laborais que ían xurdindo no país. Deste xeito, perderon o marcado carácter relixioso que as caracterizara na súa etapa inicial para se converteren, primeiro, en organizacións laborais e de asistencia mutua, logo en «pósitos» de pescadores, para, en época máis recente e recuperando a súa vella denominación, pasar a ser corporacións de dereito público.

Esta norma, a de máis alto rango que regula as confrarías galegas, defíneas como corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración

na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca. As confrarías poden, así mesmo, desenvolver actividades propias de organización e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura.

Ademais da defensa dos intereses dos profesionais do mar, ás confrarías, como órganos de consulta e colaboración, correspóndenlles ás seguintes funcións:

- a) Orientar todos os seus membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concernente ao sector pesqueiro e, en particular, sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración pública.
- b) Actuar como oficinas públicas, para os efectos desta lei, no referente á recepción, rexistro e tramitación de documentación dirixida á Administración da comunidade autónoma, cando expresamente así se estableza en virtude de disposición regulamentaria.
- c) Promover actividades de formación dos profesionais nas actividades referidas á pesca.
- d) Servirlle como entidade de consulta á Administración en todas as cuestións concernentes ao sector e, en especial, na elaboración das disposicións de carácter xeral que lles sexan sometidas.
- e) Transmitirle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro e, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellorar as condicións técnicas, económicas e sociais da actividade pesqueira.
- f) Promover a creación de servizos comúns para os seus membros.

Así mesmo, esta lei outórgalles as seguintes funcións:

- a) Promover a creación de servizos sociais, recreativos, culturais ou análogos para os seus membros.
- b) Xestionar as áreas da zona marítima e marítimo-terrestre que lles fosen confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola Administración competente.
- c) Xestionar e administrar aqueles bens patrimoniais que lles sexan cedidos por calquera das administracións públicas para o cumprimento dos seus fins.
- d) Todas aqueloutras funcións que lles sexan encomendadas pola Administración competente.

Ademais das funcións indicadas, as confrarías poden desenvolver actividades de organización e comercialización da produción. Neste caso poderán estruturarse en dúas seccións, que se denominarán «de Orientación» e «de Organización da Produción». No seu caso, esta última sección adoptará as medidas oportunas para garantir o exercicio racional da pesca e as condicións de venda da produción, e en particular:

- a) Promover a execución de plans de capturas, concentrar a oferta e regularizar os prezos.
- b) Darlle saída por medio da sección, se se considera necesario, ao produto ou conxunto de produtos explotados polos produtores membros.
- c) Establecer as regras de produción e comercialización co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.
- d) Adoptar todas aquelas medidas derivadas da aplicación da política común de pesca comunitaria que sexan da competencia dos produtores.

Os órganos reitores das confrarías de pescadores son a Xunta Xeral ou Asemblea, o Cabido ou Comisión Per-

manente e o patrón maior. Estes órganos teñen carácter representativo e os seus compoñentes serán elixidos por un período de catro anos, e poderán ser reelixidos e deberá respectarse, sempre que sexa posible, a paridade de representación de traballadores e empresarios, así como a proporcionalidade entre os sectores da produción. A elección dos compoñentes da Xunta Xeral terá lugar mediante sufraxio universal libre, igual, directo e secreto. De entre os compoñentes da Xunta Xeral elixíranse os membros do Cabido e o patrón maior.

Dentro do ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia, as confrarías poderán federarse, sen que isto implique a perda da súa propia personalidade, e poderán acudir a modalidades asociativas distintas da federación, destinadas á xestión de determinados servizos de interese común.

A creación de novas confrarías requirirá o acordo maioritario de, polo menos, as tres cuartas partes dos profesionais legalmente habilitados no ámbito territorial que se pretenda establecer, mentres que a fusión e a disolución de confrarías precisarán do acordo das respectivas asembleas por maioría das tres cuartas partes dos seus membros e da aprobación pola consellería.

O Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, desenvolve ao longo de 120 artigos o regulamento das confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Un dos obxectivos deste decreto é dar resposta ás cuestións que xorden no funcionamento destas corporacións no seu día a día, á vez que persegue facilitar un marco xurídico suficiente que lles permita seguir adaptándose e facer fronte aos constantes cambios que se producen no sector pesqueiro, especialmente no que atinxe á xestión dos seus recursos e ao seu ámbito de organización e funcionamento interno, con sometemento aos principios de legalidade, transparencia contable e democracia interna, que constitúen os tres piares básicos para que as confrarías sigan actuando, nun

mercado da pesca en constante transformación, como entidades solventes e competitivas.

Esta norma tamén desenvolve as funcións que deben desempeñar estas corporacións de dereito público, diferenciando entre aquelas que desenvolven como órganos de consulta e colaboración coa Administración das que exercen en defensa dos intereses dos profesionais que as integran.

As confrarías de pescadores están suxeitas á tutela da Administración pública galega, que será exercida pola consellería, respecto daqueles actos e acordos adoptados no exercicio das súas funcións públicas e suxeitas ao dereito administrativo.

Este decreto desenvolve con maior amplitude as funcións previstas no artigo 3.2 da lei de confrarías antes citada (Lei 9/1993), en concreto:

- a) Velarán polo estrito cumprimento da normativa vixente en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños, cando teñan asignados estes servizos.
- b) Colaborarán coa Administración na elaboración das estatísticas do sector pesqueiro e marisqueiro e, en particular, remitiranlle á consellería competente en materia de pesca os datos relativos á descarga e primeira venda dos recursos mariños en fresco, no prazo e na forma determinados regulamentariamente pola administración competente.
- c) Facilitarán o labor de inspección e subministrarán a documentación e información que se precise por requirimento da administración competente.
- d) Desenvolverán aquelas outras funcións que lles sexan atribuídas ou encomendadas dentro das competencias que teña a consellería competente en materia de pesca.

Ás confrarías, na defensa dos intereses dos/as profesionais que as compoñen, correspóndelles as funcións previstas no artigo 3.3 da lei de confrarías, polo que neste sentido terán as seguintes funcións:

- a) Responsabilizarse da vixilancia das zonas de dominio público marítimo e marítimo-terrestre que lles fosen confiadas para o seu aproveitamento.
- b) Administrar os seus propios recursos e patrimonio.
- c) Promover a execución de plans de capturas, concentrar a oferta e regularizar os prezos.
- d) Establecer os plans de produción e comercialización co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.
- e) Adoptar as medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan da competencia dos/as produtores/as.
- f) Prestar servizos de carácter xeral aos seus membros.
- g) Facilitar a comercialización da produción, de acordo coa normativa vixente.
- h) Favorecer a creación de empresas, asociacións e cooperativas, coa posibilidade de participar nelas co obxectivo de acadar eficacia e rendibilidade nos procesos de transformación e comercialización dos produtos pesqueiros; así como participar en proxectos que fomenten a diversificación pesqueira e acuícola.
- i) As demais que lles confiren os seus estatutos.

Os membros das confrarías de pescadores integraranse en dous colectivos, o de traballadores/as ou o de empresarios/as.

Integraranse no colectivo de traballadores/as: a) Os/As traballadores/as por conta allea debidamente enrolados/as en embarcacións dedicadas á actividade pesqueira ou marisqueira. b) Os/As traballadores/as por conta propia que realicen os labores necesarios para a extracción dos

recursos mariños. c) Os/As traballadores/as por conta allea que presten os seus servizos en actividades de explotación de parques de cultivo. d) Aqueles membros traballadores/as de persoas xurídicas que figuren debidamente enrolados en embarcacións dedicadas á actividade extractiva de recursos mariños. e) Aqueles/as integrantes dunha comunidade de bens que estean debidamente enrolados/as en embarcacións dedicadas á actividade extractiva de recursos mariños, agás aquel/a comuneiro/a que represente a comunidade de bens no colectivo de empresarios/as.

Integraranse no colectivo de empresarios/as: a) As persoas físicas ou xurídicas que realicen unha actividade como armador/a de embarcacións dedicadas á actividade pesqueira ou marisqueira. b) Os/As titulares de concesións ou autorizacións marisqueiras. c) Os/As titulares de parques de cultivo que estean no ámbito territorial da confraría ou de viveiros flotantes.

Os membros das confrarías teñen os seguintes dereitos:

- Cando cumpran certos requisitos fixados elixir e ser elixidos/as para cargos de representación e dirección dentro da confraría.
- Exercer accións e formular recursos en relación cos seus dereitos e instar a confraría ao exercicio das actuacións necesarias para a defensa dos seus membros.
- Participar en todos os actos aos cales deban ser convocados/as.
- Solicitalle ao cabido as aclaracións e informes que consideren necesarios sobre o estado da administración, patrimonio, funcionamento e actuacións da confraría, en todo o que lles poida afectar.
- Formularlles todo tipo de propostas aos/ás seus/súas representantes.

- Utilizar os servizos da confraría.
- Aqueloutros que lles confiran os estatutos.

Este decreto establece as obrigas dos membros das confrarías nos seguintes termos:

- Actuar conforme o disposto nos estatutos da confraría, regulamentos de réxime interior e demais normativas que lles resulte de aplicación.
- Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da confraría.
- Actuar con lealdade e boa fe, non obstaculizando o normal funcionamento da confraría.
- Satisfacer as cotas e derramas que establezan os órganos de goberno.

Como xa se expuxo, os órganos reitores das confrarías son a Xunta Xeral ou Asemblea, o Cabido ou Comisión Permanente e o patrón maior. Os órganos reitores da confraría axustarán a súa actuación ao disposto neste decreto e aos seus acordos validamente adoptados, con sometemento expreso ao principio de legalidade.

Os membros dos órganos reitores, como cargos electos, só percibirán as indemnizacións que por razóns do servizo lles poidan corresponder en cada caso e cuxa contía será determinada nos orzamentos de ingresos e gastos aprobados anualmente pola xunta xeral da confraría.

A xunta xeral é o órgano superior de goberno e decisión da confraría, na cal están representados/as todos/as os/as profesionais do sector membros dela. A xunta xeral actúa como órgano de control e fiscalización dos restantes órganos reitores da confraría, e os acordos que adopta obrigan a totalidade dos seus membros. Na composición da xunta xeral respectarase, sempre que sexa posible, a paridade entre traballadores/as e empre-

sarios/as, así como a proporcionalidade entre sectores de produción.

No seo da confraría poderán formarse os seguintes sectores da produción: a) Marisqueo a pé; b) Marisqueo desde embarcación; c) Recursos específicos segundo modalidades; d) Pesca de baixura, frota de artes menores; e) Pesca de baixura, frota de cerco; f) Pesca de arrastre do litoral; g) Pesca de altura e grande altura; h) Outros.

Cando un sector da produción estea constituído en agrupación sectorial nos termos, os membros que resulten electos/as como vogais da xunta xeral serán membros natos/as da xunta directiva desa agrupación sectorial.

O cabido é o órgano de goberno, xestión e administración da confraría. A composición do cabido será, sempre que sexa posible, paritaria. Estará presidido polo/a patrón/patroa maior e composto por un número par de vogais, en todo caso comprendido entre seis e dez, dos/as cales dous/dúas serán obrigatoriamente os/as vicepatróns/vicepatroas maiores primeiro/a e segundo/a e polo/a secretario/a.

O/A patrón/patroa maior é o órgano unipersonal de representación da confraría. Preside a xunta xeral e o cabido, participando nas súas reunións con voz e voto, que será de calidade para o caso de empate. O desempeño do posto de patrón/patroa maior é incompatible con calquera outro cargo nos órganos directivos das agrupacións sectoriais, así como co de secretario/a.

Un importante elemento que cómpre destacar é o deber de asistencia ás reunións dos membros dos órganos reitores, xa que a norma establece que a falta de tres veces consecutivas no curso dun ano, agás xustificación axeitada, será motivo suficiente para perder tal condición.

Así mesmo, as confrarías contarán cun/cunha secretario/a de confraría, que poderá ser unha persoa ao servizo da confraría e exercerá baixo a dirección dos órganos reitores da confraría as funcións de asistencia, coordinación xeral técnica e administrativa; tamén dirixirá e xestionará os servizos comúns e o persoal da confraría que estean baixo a súa dependencia. O nomeamento ou destitución da persoa que ocupe o posto de secretario/a de confraría corresponderalle á xunta xeral da confraría.

En cada confraría poderán constituírse agrupacións sectoriais como órganos de xestión dos sectores de produción que agrupan os/as empresarios/as e traballadores/as que sexan titulares dunha habilitación para o exercicio da actividade extractiva de recursos mariños. As agrupacións sectoriais, como órganos de xestión dos sectores da produción, terán como obxectivos: a mellora da produción mediante a planificación da explotación dos recursos mariños a través da elaboración dos plans de xestión, a mellora da comercialización dos produtos pesqueiros e a mellora das condicións para o exercicio da profesión.

Ademais, correspóndelles a organización das actividades necesarias para o desenvolvemento dos plans de xestión, así como a representación, defensa e promoción dos intereses socioeconómicos dos seus membros, sen prexuízo da competencia atribuída legal ou estatutariamente aos órganos de goberno das confrarías.

A constitución dunha agrupación sectorial require do voto favorable dos dous terzos dos membros do sector asistentes á xuntanza de constitución e sempre que representen máis da metade dos membros do sector que se dedican á actividade específica.

Os órganos reitores das agrupacións son a asemblea xeral, a xunta directiva e o/a presidente/a. A asemblea xeral estará constituída pola totalidade dos membros da agrupación. A xunta directiva estará constituída polo/a presidente/a e un número de tres ou cinco vogais elixidos/as entre os/as integrantes da asemblea xeral. Para as agrupacións formadas por menos de 30 membros, a xunta directiva estará integrada por tres vogais; nas agrupacións formadas por máis de 30 membros, a xunta directiva terá cinco vogais.

As persoas vogais da xunta directiva poderán ter carácter nato ou acordarse por elección. As de carácter nato corresponderán aos vogais da xunta xeral da confraría que representen o sector de produción sobre o cal se constituíu a agrupación sectorial. As vacantes como vogais, de existiren, serán elixidas pola asemblea xeral de entre os seus membros. O/A presidente/a da agrupación será o/a vogal nato máis votado/a nas eleccións a vogal da xunta xeral da confraría polo sector de produción sobre o cal se constituíu a agrupación sectorial, agás no caso que coincida co cargo de patrón/patroa maior ou cando o posto quede vacante; nestes supostos, o/a presidente/a será o/a seguinte vogal nato/a máis votado/a.

A duración do mandato dos órganos das confrarías de pescadores será de catro anos; poderán ser reelixidos por períodos de igual duración. As eleccións para a renovación dos órganos reitores da confraría desenvolveranse mediante dúas listas separadas, unha para o colectivo de traballadores/as e outra para o de empresarios/as. A distribución de vogais entre ambos os colectivos respectará, sempre que sexa posible, a paridade. A comisión electoral distribuirá o número de vogais de xeito proporcional ao número de membros con que conte cada sector de produción.

As candidaturas para participar no proceso electoral das confrarías de pescadores presentaranse ante a comisión electoral dentro dos sete días seguintes á aprobación do censo electoral definitivo. As candidaturas para vogal da xunta xeral son individuais para efectos de votación e escrutinio, malia que poden agruparse en listas para os efectos da súa presentación e campaña electoral.

Pola súa parte a **Orde do 29 de abril de 2014** regula as eleccións para a renovación dos órganos reitores de confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións. Esta orde desenvolve o procedemento electoral establecido no Decreto 8/2014, antes comentado, regulando de xeito máis extenso aspectos como a composición da xunta electoral, das comisións e das mesas. A través desta orde tamén se establecen outros aspectos tales como as eleccións anticipadas, e as eleccións parciais para o suposto de que acontezan baixas definitivas nos órganos reitores da confraría de pescadores e non existan suplentes que poidan cubrilas.

En canto á participación dos membros das confrarías de pescadores, esta orde regula o tempo de exposición dos censos electorais, os prazos para a presentación de candidaturas para vogal da xunta xeral, os prazos para a constitución e a elección dos restantes órganos reitores de confrarías de pescadores.

Por outra banda, regúlanse os modelos de presentación de candidaturas aos órganos reitores das confrarías e ás directivas das agrupacións sectoriais, que deberán estar acompañadas dunha declaración responsable da persoa candidata de que cumpre cos requisitos de elixibilidade que figuran no Decreto 8/2014.

No que corresponde ás federacións provinciais de confrarías de pescadores e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, regúlase o marco normativo en que

se desenvolverán os procesos de elección das persoas que ocupen a presidencia ou desempeñen o papel de vogais nos comités executivos; todo isto de conformidade co regulado nos estatutos de cada federación.





Capítulo 6

CONCLUSIÓNS: A RELEVANCIA DA MULLER NO SECTOR DO MARISQUEO A PÉ

Economía sustentable e marisqueo: focalizando no local e no global

Como acredita a recente historia do marisqueo, resulta importante conseguir un punto de equilibrio entre tradición e modernización, de xeito que se poidan acadar non só uns bos resultados económicos, senón tamén impactos positivos a nivel social e ambiental. Unha boa ferramenta para avanzar de xeito equilibrado é a Responsabilidade Social Corporativa, xa que este modelo de xestión incorpora o triplo balance, e favorece o diálogo e a colaboración no seo dos colectivos de marisqueo, das confrarías e coas demais partes interesadas.

As persoas mariscadoras e, de xeito especial, as que pertencen aos órganos reitores das confrarías e agrupacións deben ter un coñecemento do ámbito socioeconómico e ambiental a nivel local, e tamén posuír nocións de cales son os grandes problemas e retos globais marcados por organismos internacionais de prestixio, tales como os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

O valor organizativo do marisqueo a pé

O marisqueo a pé na provincia de Pontevedra está centrado nos mariscos bivalvos (plan xeral), xa que nesta actividade traballan 16 dos 18 colectivos de marisqueo, e están integrados por 2.033 persoas mariscadoras; os outros 2 colectivos atópanse dentro do plan de recursos específicos, concretamente extraen percebe, e están integrados por 87 persoas.

As agrupacións sectoriais constitúen o modelo organizativo predominante no marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, xa que son 11 as confrarías que dispoñen de agrupacións, e integran un total de 1.331 persoas mariscadoras, fronte ás 7 confrarías que carecen deste modelo organizativo e integran 789 persoas mariscadoras. Como sabemos, a idoneidade das agrupacións sectoriais como modelo organizativo é obxecto de controversia no sector. Non cabe dúbida de que este asunto resulta de grande importancia para a xestión do marisqueo, polo que debe ser tratado con máis profundidade en posteriores estudos.

O perfil socioprofesional máis común entre as persoas que “lideran” o marisqueo a pé na provincia de Pontevedra é o dunha muller cunha experiencia profesional de 25 anos, e que leva 7 anos no cargo de presidenta da agrupación ou “portavoz” entre as representantes do marisqueo a pé na Xunta Xeral das confrarías.

En relación con outros oficios manuais, podemos dicir que o marisqueo a pé ten a “vantaxe” de contar cun número reducido de días de traballo, 175 días de media (incluíndo os traballos de vixilancia e semicultivo), cunha duración de 3 ou 4 horas por xornada. Os inconvenientes son a dureza do traballo e as condicións ambientais, así como as retribucións, a miúdo escasas. Sen dúbida, faise preciso realizar máis estudos en profundidade para coñecer e avaliar axeitadamente esta profesión.

Un marco normativo dinámico e incorporado ás prácticas diarias polas organizacións e profesionais do marisqueo a pé

Nese estudo citáronse doce destacadas normas que regulan moitos dos ámbitos do marisqueo a pé, a máis antiga é do ano 1993, e refírese aos permisos de explotación; e a máis recente é do ano 2019, e versa sobre o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros. A relevancia do sector non está unicamente recollida na Lei de Pesca de Galicia, que o considera un sector estratéxico, senón que ten presenza na política galega. Esta relevancia queda patente no goberno galego, que sempre tivo unha consellería nomeada como tal, mesmo cando no período entre os anos 2012 e 2015 estivera compartida con medio rural (Medio Rural e do Mar).

Así pois, opinamos que nos atopamos ante un marco normativo dinámico, proporcionado á complexidade do sector e amplamente incorporado polas organizacións e profesionais do marisqueo a pé. Segundo os tempos, as distintas normas foron xurdindo para afrontar os principais retos do sector, renovando as vellas normas ou desenvolvendo outras novas. Unha visión “panorámica” sobre a base da normativa vixente permítenos apreciar certas tendencias, así como as cuestións máis candentes do momento: nos anos noventa sentábanse as bases da organización do sector regulando os permisos de explotación, as confrarías (coa Lei de confrarías de Galicia) e creando un marco xeral coa primeira lei de pesca de Galicia (xa derogada). Na primeira década do ano 2000, perfecciónase a profesionalización do sector, regulando as certificacións de cualificación profesional, e promúlgase unha nova Lei de pesca que pon a énfase en retos tan relevantes como a sustentabilidade e a igualdade entre homes e mulleres. A segunda década do ano 2000 é moi prolífica en canto á normativa marisqueira, pois o sector entra nunha etapa

de “madurez” e estabilización, e faise preciso, non só actualizar os regulamentos existentes, senón tamén marcar obxectivos e avanzar nun modelo de goberno con pasos claros cara á coxestión e á sustentabilidade. Neste sentido é paradigmático o Decreto 153/2019, que procura introducir un novo concepto de plan de xestión que inclúe obxectivos económicos, sociais e ambientais; así mesmo, dá mostras da confianza entre o sector e a administración, substituíndo procesos de autorización por outros de comunicación e eliminando trámites burocráticos de escaso valor (pasando os plans anuais a plans trianuais).

A especificidade da relevancia feminina no marisqueo a pé

Segundo as *Directrices voluntarias para lograr a sustentabilidade da pesca en pequena escala* (FAO), corresponde a todas as partes recoñecer que para alcanzar a igualdade de xénero se precisan os esforzos concertados de todos; malia que as estratexias para avanzar na igualdade de xénero esixen enfoques diferentes en diferentes contextos culturais. Neste sentido debemos atender a especificidade do sector e as características propias da cultura galega costeira para atinar na análise da situación, e como derivada focalizar nas propostas que desde as comunidades costeiras se poidan afrontar.

Como é ben sabido por todas as persoas profesionais do sector, o modelo organizativo predominante na pesca artesanal e o marisqueo é o das confrarías de pescadores, un modelo singular e complexo, que trata de **integrar** tradición e modernidade, persoas mariñeiras e armadores, marisqueo a pé e desde embarcación, así como múltiples artes e oficios. Outro dos retos de integración ao que están facendo fronte nas últimas décadas as confrarías é o de integrar homes e mulleres en igualdade.

Opinamos que o mar non é unha industria e as confrarías non son unha empresa, por conseguinte non se deben admitir paralelismos intencionados entre o mundo da empresa, o mundo da política ou o mundo das administracións públicas coas confrarías. Atendendo os parámetros da FAO, na medida que o alcance deste estudo o permite, a análise de xénero na actividade do marisqueo a pé procuramos facela atendendo o propio contexto do sector.

Segundo os datos facilitados polas persoas representantes destes colectivos, actualmente hai 2.120 persoas que se dedican ao marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, das cales 401 son homes e 1.719 son mulleres; en porcentaxes,

isto supón un 18,92% de homes e un 81,08% de mulleres¹. Así pois, atopámonos ante un colectivo maioritariamente feminino. Con todo, percíbese unha tendencia continuada ao aumento de presenza de homes, pois a porcentaxe de homes con *permex* pasou dun 4,9% no ano 2011 a un 22,5% no ano 2019, polo que podemos concluír que o marisqueo a pé se vai abrindo progresivamente a unha maior presenza de homes.

En relación coa representación feminina, queremos aclarar unha vez máis que este estudo é sobre o marisqueo a pé, polo que o alcance da análise se limita a este subsector.

En canto a representantes do marisqueo a pé nas xuntas xerais das confrarías, temos 116 persoas mariscadoras, das cales 24 son homes e 92, mulleres. Isto supón un 20,69% de homes e un 79,31% de mulleres.

No que respecta a presidentes das agrupacións de marisqueo a pé, temos 11 presidentes/as de agrupación, dos cales 2 son homes e 9, mulleres. En termos porcentuais estaríamos nun 18% de homes e nun 82% de mulleres. Ben é certo que as agrupacións que teñen un home como presidente son máis ben pequenas, e por esta razón resulta que os homes presidentes de agrupacións representan a 91 persoas mariscadoras, fronte a 1.240 persoas mariscadoras que están representadas por mulleres. Isto suporía que, do conxunto de persoas mariscadoras organizadas en agrupacións, o 6,84% ten como presidente un home e o 93,16% ten como presidenta unha muller.

Perante os datos indicados, non procede facer unha lectura simplista; polo tanto, opinamos que a representación feminina e masculina é bastante equilibrada no **ámbito** do marisqueo a pé.

¹ Segundo os datos da Consellería do Mar (Pescadegalicia.gal) as porcentaxes serían de 22% de homes e 78% de mulleres.

A satisfacción con respecto ao traballo de marisqueo

Entre as persoas mariscadoras a pé entrevistadas en Pontevedra, un dos aspectos que destacan nos resultados da enquisa realizada é a preeminencia dun nivel de bastante satisfacción con respecto ao seu traballo: nunha escala de valoración de 1 a 10, a puntuación media obtida foi de 6,9 puntos para ambos os sexos, despuntando o grao de satisfacción algo máis entre os homes (7,2) ca entre as mulleres (6,9).

Atopámonos ante un colectivo de traballadores/as do mar que se identifican positivamente coa súa actividade laboral, da que resaltan en maior medida a flexibilidade de horarios, a súa compatibilidade con outras actividades e a conciliación co traballo doméstico e de coidados, a liberdade persoal e a autonomía laboral na cal se desenvolve a súa actividade, así como o feito de que se efectúe ao aire libre en contacto directo co medio natural do litoral marítimo. En xeral, entre as opinións dos e das mariscadoras enquisados predominan motivos de satisfacción de tipo estético-expresivo, os cales implican unha representación máis ampla ca reducida do seu traballo de marisqueo, o que é máis frecuente entre as opinións das mulleres, xa que entre os homes despuntan valoracións que conciben o traballo cun sentido máis limitado ao seu valor instrumental (obtención de ingresos, de status, de seguridade social).

Pensamos que este nivel medio de bastante satisfacción e o predominio dunha concepción estética-expresiva máis que instrumental con respecto ao seu traballo de marisqueo conforman un capital social e simbólico moi relevante para favorecer a incorporación e participación activa das persoas mariscadoras nos procesos de formación profesional e de desenvolvemento sustentable do subsector, incluíndo o proceso de remuda xeracional.

O triplo valor da formación

Un incentivo importante para favorecer a remuda xeracional no marisqueo é ofrecer á xente nova, á parte dunha profesión digna como é o marisqueo a pé, a posibilidade de formarse e mellorar profesionalmente. Deste xeito, a mocidade pode ver no marisqueo e na pesca unha profesión para empezar e continuar, onde formarse e obter certificados de capacitación profesional que melloran as oportunidades de mellora e mobilidade profesional.

A opinión dos/as presidentes/as das agrupacións e das demais portavoces do marisqueo a pé é unánime, pois todos/as consideran que é moi importante que as persoas mariscadoras reciban, con certa regularidade, cursos de formación que melloren a súa cualificación profesional. Así mesmo, a actitude das persoas mariscadoras a pé é claramente favorable á formación profesional no subsector, como expresou o 68,6% da mostra enquisada neste estudo: máis en concreto, un 43,7% opinou que a formación profesional é bastante necesaria e un 24,9% que é moi necesaria. Polo demais, as persoas mariscadoras demandan unha formación práctica ben enfocada ao colectivo, que fuxa do “cursillismo”, na que se programe unha formación dirixida a capacitar nas diferentes modalidades do marisqueo e dos cultivos mariños, no coñecemento do medio e da xestión sustentable dos recursos do litoral, así como na adquisición e a mellora das capacidades persoais e grupais necesarias para autoxestionar con eficacia e eficiencia as agrupacións e demais organizacións do subsector.

En definitiva, opinamos que as actividades formativas, ben orientadas, deben seguir formando parte esencial da axenda social das confrarías e das súas federacións por un triplo motivo: primeiro, polo que supoñen de mellora na cualificación profesional; segundo, porque permiten construír unha carreira e unha identidade profesional valorada, tanto persoal como socialmente; e, terceiro, polas

dinámicas positivas que se establecen nos procesos formativos entre as persoas participantes e entre estas e o colectivo.



REPORTAXE FOTOGRÁFICA









BIBLIOGRAFÍA

- Agustín, A. e Derqui, B. (2014). *¿Qué narices es esto de la sostenibilidad?*. Barcelona: Profit Editorial.
- AECA. (1994). *La innovación en la empresa: Factor de supervivencia*. Madrid: Asociación Española de Contabilidad e Administración de Empresas (AECA).
- AECA. (2004). *Marco conceptual de la responsabilidad social corporativa*. Madrid: Asociación Española de Contabilidad e Administración de Empresas (AECA).
- AECA. (2010). *Normalización de la información sobre responsabilidad social corporativa*. Madrid: Asociación Española de Contabilidad e Administración de Empresas (AECA).
- AECA. (2015). *La empresa social: marco conceptual, contexto e información*. Madrid: Asociación Española de Contabilidad e Administración de Empresas (AECA).
- Balbo, L. (1994). A dobre presenza. En C. Borderías, C. Carrasco e C. Alemany (comp.), *Las mujeres y el trabajo: rupturas conceptuales* (pp. 503-513). Barcelona: Icaria-FUHEM.
- Carmona, X. et al. (2000). *Vivir no Atlántico norte*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Cortina, A. (2009). *Ética de la razón cordial. Educar en ciudadanía*. Oviedo: Ediciones Nobel.

- CRANA. (2010). *Guía metodológica para implantar planes de actuación de RSE en las PYMES navarras. Metodología InnovaRSE. Plans de Actuación de RSE*. Navarra: Fundación Centro de Recursos Ambientais de Navarra (CRANA).
- CRANA. (2010). *Guía para la realización de diagnósticos RSE en PYMES de Navarra. Metodología InnovaRSE*. Navarra: Fundación Centro de Recursos Ambientais de Navarra (CRANA).
- Durán, M. A., Recio, C. e Torns, T. (2013). Xénero, traballo e vida económica. En C. Díaz e S. Dema (ed.), *Sociología y género* (pp. 153-200). Madrid: Tecnos.
- Fernández, M. e Iglesias, T.(2017). *12 Chaves para a xestión responsable das confrarías de pescadores*. Porto do Son (A Coruña): Federación de Confrarías de Pescadores da Coruña.
- Fernández M. e Iglesias, T. (2015). *Guía de implantación e difusión da responsabilidade social corporativa nas confrarías de pescadores*. Santiago de Compostela: Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia.
- Fernández M. e Iglesias, T. (2018). *As agrupacións de marisqueo a pé na ría de Muros – Noia*. Noia (A Coruña): Confrarías de Pescadores de Muros e Noia.
- Fernández M. e Iglesias, T. (2017). *As confrarías e as súas xentes. Cinco historias de vida*. Porto do Son (A Coruña): Federación de Confrarías de Pescadores da Coruña.
- Geertz, C. (1995). *La interpretación de las culturas*. Barcelona: Gedisa.
- Giddens, A. (2000). *Un mundo desbocado*. Barcelona: Taurus.
- Giddens, A. e Sutton P. (2018). *Sociología*. Madrid: Alianza Editorial.0
- Lemonche, P. et al. (2012). *Las 30 reglas de oro de la RSE para la pyme*. Cuadernos de Forética 18. Madrid: Forética.

- Marugán, B. (2004). *E colleron ese tren... Profesionalización das mariscadoras galegas*. Santiago de Compostela: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Xunta de Galicia.
- Noguera, J. A. (2002). O concepto de traballo e a teoría social crítica. *Papers* 68, 141-168.
- Offe, C. (1992). *La sociedad del trabajo*. Madrid: Alianza Universidad.
- Östrom, E. (2011). *El gobierno de los bienes comunes*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Östrom, E. (2015). *Comprender la diversidad institucional*. Oviedo: KRK ediciones.
- Porter, M. e Kramer, M. (2011). A creación de valor compartido. *Harvard Business Review América Latina*, xaneiro – febreiro 2011.
- Prieto, C. (1994). *Trabajadores y condiciones de trabajo*. Madrid: Ediciones HOAC.
- Recio, A. (1995). A segmentación do mercado de traballo en España. En C. Prieto e F. Miguélez (coord.), *Las relaciones laborales en España* (pp. 125-150). Madrid: Siglo XXI de España Editores, S. A.
- Requena, F. (1991). *Redes sociales y mercado de trabajo. Elementos para una teoría del capital relacional*. Monografías 119. Madrid: Centro de Investigacións Sociolóxicas.



Na actualidade, o marisqueo a pé dá emprego a 3.777 persoas en Galicia, das cales 2.157 teñen a súa actividade na provincia de Pontevedra. Trátase dunha actividade que tradicionalmente é desenvolvida por mulleres, e a día de hoxe representan o 79% do colectivo en Pontevedra.

Nas últimas décadas, o nivel de emprego no marisqueo a pé reduciuse substancialmente. Para frear esta tendencia, cómpre establecer dinámicas innovadoras que favorezan o desempeño dos colectivos de marisqueo dentro do marco do desenvolvemento sustentable.

Este é un estudo sobre o marisqueo a pé na provincia de Pontevedra, que ten como principais destinatarias as persoas mariscadoras que realizan o seu labor nas confrarías pontevedresas, malia que tamén o consideramos de interese para as demais mariscadoras de Galicia.